-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 73,91 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 1.625,31 euros.

2.6. A ADRIÁN PÉREZ CORTIZAS, licenza para proxecto de legalización de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Bidueiro, 40, Os Tilos, R.C.: 8434806NH3483S0001IQ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: **6/2025 -2025/U022/000002**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no colexio oficial de arquitecto en data 26.08.2024.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite

non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

- b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U6, Actuacións residenciais unitarias consolidadas

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 950,00 m²

Fronte mínima: 23,90 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,29 m²/m²

Altura máxima: B+1, 6,00 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 15 %

Recuamento á aliñación: 5,00 m.

Recuamento a lindeiros: 3,00 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Integrada no entorno

Pendente máxima de cuberta: 1º

Altura do cumio: 0,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 5.308,10 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 106,16 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

Total: 166,16 euros.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 31/2024 - 2024/U018/000007

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de David Taboada Calvo, en data 8 de xaneiro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900000032, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de decembro de 2024.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de xuño de 2024, a David Taboada Calvo e a María Agrelo de la Torre, para segregación (dúas resultantes) dunha parcela situada en Vilanova, 24, parroquia de Oza, R.C.: 15083B507002570000SI, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 245,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado na zona de Concentración Parcelaria de Santa Eulalia de Oza, dunha superficie de douscentos corenta e cinco metros cadrados. Inscrición: 2ª, data: 17 de decembro de 2024. Finca: 38180. Código Rexistral Único: 15013001144118.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data un de xullo de 2024, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de xuño de 2024, expte. 31/2024 -2024/U018/000007.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de xuño de 2024, a David Taboada Calvo e a María Agrelo de la Torre, para segregación (dúas resultantes) dunha parcela situada en Vilanova, 24, parroquia de Oza, R.C.: 15083B507002570000SI, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, expte. 31/2024 -2024/U018/000007.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

4.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. (rex. entrada nº 202499900003965 do 16/12/2024).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 9 de xaneiro de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por María Lourdes Peñalver Martínez, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U., de 16 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003965), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para construír 155 metros de tritubo PE 40mmx3 e 24 metros de 2cc PVC 63 mm, para dar servizo a unha infraestrutura de telecomunicacións, en Cesar, parroquia de Calo.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (4.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202499900003965 de 16/12/2024).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a María Lourdes Peñalver Martínez, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000059, para construír 155 metros de tritubo PE 40mmx3 e 24 metros de 2cc PVC 63 mm, para dar servizo a*

unha infraestrutura de telecomunicacións, en Cesar, parroquia de Calo, de acordo co solicitado en data 16 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003965).

Segundo.- *Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a María Lourdes Peñalver Martínez, en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000059, para construír 155 metros de tritubo PE 40mmx3 e 24 metros de 2cc PVC 63 mm, para dar servizo a unha infraestrutura de telecomunicacións, en Cesar, parroquia de Calo, de acordo co solicitado en data 16 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003965).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202499900003837 do 03/12/2024).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de xaneiro de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 3 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003837), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, situada en Cepeda, 44, Oza (SGD618524100157).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (3.300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900000110 de 14/01/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000053, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, situada en Cepeda, 44, Oza (SGD618524100157), de acordo co solicitado en data 3 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003837).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000053, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, situada en Cepeda, 44, Oza (SGD618524100157), de acordo co solicitado en data 3 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003837).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202499900003838 do 03/12/2024).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de xaneiro de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 3 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003838), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, situada en A Póboa, 123, Cacheiras (SGD618524100012).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900000109 de 14/01/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000054, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, situada en A Póboa, 123, Cacheiras (SGD618524100012), de acordo co solicitado en data 3 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 2024999000003838).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000054, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, situada en A Póboa, 123, Cacheiras (SGD618524100012), de acordo co solicitado en data 3 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 2024999000003838).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.4. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202499900003842 do 04/12/2024).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de xaneiro de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 4 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003842), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a un uso agrícola, en A Póboa, 126, Cacheiras (SGD618524090073).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (2.300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900000111 de 14/01/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000055, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a un uso agrícola, en A

Póboa, 126, Cacheiras (SGD618524090073), de acordo co solicitado en data 4 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003842).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2024/V011/000055, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a un uso agrícola, en A Póboa, 126, Cacheiras (SGD618524090073), de acordo co solicitado en data 4 de decembro de 2024 (rex. entrada nº 202499900003842).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz

ACTA 3/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE FEBREIRO DE 2025-

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e dous minutos do día 3 de febreiro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 20/01/2025**
- 2.- LICENZA URBANÍSTICA**
- 3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.**
- 4.- TOMA DE COÑECIMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 36/2019 – 2019/U022/000007**

- 5.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS ICIO – MARÍA CRUZ PAZ COSTOYA.**
- 6.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 7.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 20/01/2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20 de xaneiro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

A MARÍA DEL MAR MIDÓN MARTÍNEZ, licenza para segregación (tres resultantes) dunha finca situada en Fontenlo, parroquia de Teo, R.C.: 15083A506005980000KD, segundo proxecto redactado polo técnico Simón Peña Villasenín.

Expediente núm: **7/2025 -2024/U018/000013**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 29 de xullo de 2024 (rex. entrada núm. 202499900002178) redactado polo técnico Simón Peña Villasenín.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m ²	739,98 m ²	739,82 m ²	739,99 m ²	253,00 m ²
Fronte mínima	16 m	33,46 m	33,15 m	32,96 m	

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

3.1. LICENZA 33/2018 (Cesión 1/2025)

Escrito presentado por Luis Martín Sobrado Fernández, en data 17 de xaneiro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202500000000176, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 33/2018, xuntando escritura pública de data vinte dous de novembro de 2018, do notario Francisco López Moledo, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de outubro de 2018, a Luis Martín Sobrado Fernández, para segregación (tres parcelas) da finca sita en Solláns, Calo, R.C.: 15083B508022020000SX, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cándido Rodríguez Giraldez, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 232,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte dous de novembro de 2018, do notario Francisco López Moledo, dunha superficie de 232,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 33/2018.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada

no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de outubro de 2018 (Lic. 33/2018).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2. LICENZA 258/2005 (Cesión 2/2025)

Escrito presentado por David Cajaraville Chacón -PROINCHACA S.L., en data 17 de xaneiro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900000149, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 258/2005, xuntando escritura pública de data doce de decembro de 2024, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de agosto de 2005, a Digna María Chacón Varela, para construción dunha vivenda unifamiliar na finca nº 113, en A Poboia, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto Fermín Corrochano Casares, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de abril de 2021, acorda tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística 258/2005, pasando a nome de PROINCHACA S.L., representada por David Cajaraville Chacón.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 118,18 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data doce de decembro de 2024, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 118,18 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 258/2005.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de agosto de 2005 (Lic. 258/2005).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 36/2019 - 2019/U022/000007

Escrito presentado por Antonio Santiso Casal, en data 24 de xaneiro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900000235, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de decembro de 2024.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2019, a Antonio Santiso Casal, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar (Expte. electrónico 2019/U022/000007), en Bustelo, 88, parroquia de Luou, R.C.: 000502000NH33G0001FD, segundo proxecto redactado pola arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 16,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Franxa de terreo sita en Bustelo, 88, parroquia de Luou, dunha superficie de dezaseis metros cadrados. Inscrición 2 de data 14 de xaneiro de 2025. Código Rexistral Único: 15013001143876.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte sete de xuño de 2024, do notario José Manuel Amigo Vázquez, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2019, expte. 36/2019 -2019/U022/000007.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2019, a Antonio Santiso Casal, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Bustelo, 88, parroquia de Luou, R.C.: 000502000NH33G0001FD, expte. 36/2019 -2019/U022/000007.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS ICIO – MARÍA CRUZ PAZ COSTOYA.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 22 de xaneiro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/T001/000003

**ASUNTO: SOLICITUDE DEVOLUCIÓN INGRESOS ASOCIADOS A EXPEDIENTE
2023/U022/000024 DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 10/2024..**

INTERESADO: MARIA CRUZ PAZ COSTOYA.

Vista a solicitude presentada por Dña. María Cruz Paz Costoya con data 7 de agosto de 2024 (nº rex 202499900002269) solicitando a renuncia a licenza urbanística para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Cepeda nº 45, parroquia de Oza e a devolución do reintegro das cantidades por importe de 1.966 euros abonadas en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Vista a liquidación nº 2024/0001147 por importe de 1.966 euros en concepto de 1846,00 euros de Imposto sobre construcións, instalacións e obras e 120 euros de cartel de obra e ingreso de data 7 de marzo de 2024 a nome de María Cruz Paz Costoya.

Atendendo ao Informe do aparelador municipal de data 17 de setembro 2024 no que indica, polo que afecta á devolución de ingresos que as obras están sen iniciar é que non se observa inconveniente para a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto o acordo Xunta de Goberno local de 7 de outubro de 2024 tomando coñecemento da renuncia de María Cruz Paz Costoya, licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar, en Cepeda nº 45, parroquia de Oza.

Visto o informe do departamento de urbanismo de data 22 de outubro de 2024 determinando que non se encargou e subministróu o cartel da obra.

Visto o informe-proposta de Tesourería de data 22 de xaneiro de 2025 coa fiscalización favorable da Intervención da mesma data, no que propón a estimación da devolución do importe correspondente á imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 1.846 euros, a estimación da devolución do importe correspondente á tarifa de cartel de obra por importe de 120 euros, baseándose entre outros nos seguintes fundamentos xurídicos:

“ICIO

Primeiro.- *O [art. 100 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais](#), sinala que o Imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido o non dita licenza, sempre que a súa expedición lle corresponda o concello da imposición. Nos mesmos termos se regula no artigo 2 da OF reguladora do ICIO.*

Por outra banda, o [art. 102 do mesmo corpo legal](#), indica que a base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e entendese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Segundo.- *O art. 102.4 do TRLRFL e o artigo 8 da ordenanza fiscal:*

“1.-A obriga de contribuír nace no intre de se escomeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que escomece sen ter obtido a licencia que proceda.

2.-Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licencia municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licencia polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.”

Así mesmo debe terse en conta o disposto no artigo 10.6 da Ordenanza fiscal que determina que:

“10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre

instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable”

En canto ao feito imponible do ICIO a Sentenza do TS de 14 de setembro de 2005, ditada en recurso de casación en interese de lei, conclúe que no ICIO o feito imponible é a realización de determinadas obras, aquelas para cuxa execución se necesite licenza municipal, pero o feito imponible prodúcese independentemente de que a licenza fora ou non solicitada. Nin a solicitude de licenza implica iniciación na realización do feito imponible nin a concesión de aquela significa a culminación deste. O feito imponible comeza a realizarse ao iniciarse a execución da obra e termina coa súa completa execución, momento en que a Administración, tras comprobar cal foi o seu custo efectivo, pode virar a liquidación definitiva que proceda (art. 104. 2 LHL), aínda que o art. 103.4 LHL fixe o devengo non neste momento final senón no inicial da data do comezo da construción, instalación ou obra.

Dende a perspectiva da devindicación, continua dicindo a citada sentenza, o verdadeiramente importante, como puxo de relevo a doutrina, é a realización do elemento obxectivo. En efecto, para considerar realizado o feito imponible nun imposto que grava un resultado real, como é o ICIO , teremos que determinar cando cobra realidade ese elemento material, e este é o único momento que condiciona o nacemento da obriga tributaria. Non importa a extensión temporal do elemento material realizado, xa que en todas elas teremos que acudir á realidade para indagar en que momento se realizou ese substrato material do feito imponible e en función do mesmo consideralo realizado xuridicamente e, consecuentemente, tamén situar o devengo nese instante(...).

(...) Atopámonos, en definitiva, cun Imposto cun réxime especial de pagamento e exixibilidade respecto a outros tributos, pois é un imposto que anticipa de forma obrigatoria unha liquidación provisional ao propio momento do pagamento do tributo, en casos como o presente en que se obtivo a licenza de obras, e iso porque o pagamento prodúcese no momento mesmo de iniciarse as obras.

No caso concreto realizouse unha liquidación provisional de ICIO por importe de 1.846,00 euros.

CARTEL DE OBRA

Consta o pago da tarifa por expedición e subministro de cartel de obra por importe de 120 euros. Respecto a este feito imponible consta informe do servizo de urbanismo de data 22 de outubro de 2024 determinando que o cartel de obra non foi encargado, así pode determinarse que non se produciu o feito imponible que determina o nacemento da obriga de pago de dita tarifa”.

Polo exposto e de conformidade co establecido nos artigos 31 e 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o artigo 18.4 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de Revisión en Vía Administrativa.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Estimar a devolución do importe de 1.846,00 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Estimar a devolución do importe de 120 euros en concepto de tarifa de subministro de cartel de obra dado a non realización do feito imponible.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á interesada así como dar conta á Tesourería para que proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade indicada na conta corrente titularidade do interesado, debendo a estes efectos o interesado presentar no Concello certificado bancario de titularidade.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Estimar a devolución do importe de 1.846,00 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Estimar a devolución do importe de 120 euros en concepto de tarifa de subministro de cartel de obra dado a non realización do feito imponible.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á interesada así como dar conta á Tesourería para que proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade indicada na conta corrente titularidade do interesado, debendo a estes efectos o interesado presentar no Concello certificado bancario de titularidade.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e seis minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



ACTA 4/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 17 DE FEBREIRO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 17 de febreiro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. Alcaldesa acctal, D.^a María Margarita Rosende Domínguez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta acctal:

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Vázquez Rey

Non asiste, previa escusa: D. Ángel Barreiro Rodríguez

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 03/02/2025**
- 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
- 4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 03/02/2025

A sra. alcaldesa acctal pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de febreiro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A EVA MARÍA LAIÑO CALO e JAVIER ROMERO GONZÁLEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Igrexa, 62-B, parroquia de Luou, R.C.: 15083A093001380000LD, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: **8/2025 -2025/U022/000001**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, piscina e peche, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no colexio oficial de arquitectos en data 26.11.2024.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.



- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia de Gloria Aguilar Rodríguez, en representación de **MINIÑO GARCÍA S.L.**, á licenza urbanística núm. 140/2010, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de xullo de 2010, para construción dunha nave destinada a exposición e venda de vehículos, sobre unha parcela situada en Travesía de Galanas, 23, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerro, procedéndose ao arquivo do expediente citado sen máis trámite.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 20/2022 -2022/U018/000003 (Cesión 3/2025)

Escrito presentado por José Luis Seoane Baleato, en representación de Hugo López Losada, en data 18 de marzo de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900000779, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 20/2022 -2022/U018/000003, xuntando escritura pública de data sete de abril de 2022, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de marzo de 2022, a María Ángeles Losada Gallego, para segregación (sete parcelas) dunha finca situada en Caxade, 30, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501006850000KD, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 555,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data sete de abril de 2022, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 555,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 20/2022 -2022/U018/000003.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de marzo de 2022 (Lic. 20/2022 -2022/U018/000003).



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 59/2021 -2021/U018/000016 (Cesión 24/2022)

Escrito presentado por Pablo Alonso Nodar, en representación de Fernando Souto Iglesias, en data 9 de decembro de 2024, con rexistro de entrada no Concello núm. 202499900003885, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de setembro de 2022.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de decembro de 2021, a Joaquín María Souto Iglesias, para segregación (dúas Parcelas) dunha finca situada en Casal de Reis, 50, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510006430000SJ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenado Ansede, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 115,40 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado en Casal de Reis, parroquia de Raris, dunha superficie de cento quince con corenta metros cadrados. Inscrición: 1ª, Tomo: 985, Libro: 386, Folio: 135, Data: 10 de febreiro de 2023. Finca: 37926. Código Rexistral Único: 15013001136519.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte e oito de xuño de 2022, do notario Francisco López Moledo, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de decembro de 2021, expte. 59/2021 -2021/U018/000016.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de decembro de 2021, a Joaquín María Souto Iglesias, para segregación (dúas Parcelas) dunha finca situada en Casal de Reis, 50, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510006430000SJ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenado Ansede, expte. 59/2021 -2021/U018/000016.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.



CONCELLO DE TEO

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DE LECER “FESTA DA NAI”

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de abril de 2025 que se recolle a continuación:

“ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE DE LECER “ FESTA DA NAI”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Concello Teo a través da Concellería de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos tense previsto organizar unha actividade de lecer consistente na celebración do Día da Nai coa veciñanza do concello

A actividade vai dirixida a toda a veciñanza do concello e ten como obxectivo festexar e hornar ás nais do noso concello.

Por todo o exposto anteriormente, e afectos de financiar a presente actividade proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público que se aplicará na devandita actividade, todo elo conforme aos artigos 41 a 47 e 127 de Real Decreto Lexislativos 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Facendas Locais, e de acordo ao disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.(Texto refundido publicado no BOP nº 127 de 3 de xullo de 2024)

ESTUDO ECONÓMICO

O Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, con respecto o prezo público establece que os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal. O importe dos prezos públicos será como mínimo o custo do servizo pola prestación do servizo ou da actividade practicada. Sinala así mesmo que, excepcionalmente e por motivos sociais, benéficos, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a



CONCELLO DE TEO

cobertura da diferenza existente. Neste mesmo sentido postulase a Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.

Consta memoria económica asinada pola Concelleira de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos e da Técnica de xestión cultural onde se propón a determinación do prezo público. Neste informe analízase o custo e rendemento do servizo e xustifícase a fixación de prezos que cubren o custo do servizo.

Na memoria propónse o establecemento dos seguintes prezos públicos:

- 1) Prezo para o xantar dos menores a partir de 12 anos e persoas adultas: 25 €.
- 2) Prezo para o xantar de menores de 5 a 12 anos: 12 €
- 3) Gratuidade para menores de 5 anos

PROPOSTA

Polo exposto anteriormente e a vista do disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo, vista a memoria económica e os informes de Tesourería de data 1 de abril de 2025 e Intervención de data 2 de abril de 2025, tendo en conta ademais que a actividade por motivos sociais e culturais é de interese público PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o establecemento dos seguintes prezos públicos da actividade de lecer “Festa da nai” :

- 1) Prezo para o xantar dos menores a partir de 12 anos e persoas adultas: 25 €.
- 2) Prezo para o xantar de menores de 5 a 12 anos: 12 €
- 3) Gratuidade para menores de 5 anos

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

En Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa”



CONCELLO DE TEO

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación do Pleno (BOP núm. 127 do 03/06/2024) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobado o establecemento dos seguintes prezos públicos da actividade de lecer “Festa da nai” :

- 1) Prezo para o xantar dos menores a partir de 12 anos e persoas adultas: 25 €.
- 2) Prezo para o xantar de menores de 5 a 12 anos: 12 €
- 3) Gratuidade para menores de 5 anos

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederáse á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

6.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CONSISTENTE EN EXCURSIÓN DE MULLERES A BETANZOS.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 2 de abril de 2025 que se recolle a continuación:

“ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CONSISTENTE EN EXCURSIÓN MULLERES A BETANZOS.

ANTECEDENTES

Dende o Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello Teo prevese organizar unha excursión, actividade de lecer e cultural consistente nunha visita á vila de Betanzos con visitas a lugares de interese preto da vila. Esta actividade forma parte das actividades conmemorativas co galo do 8 de marzo, día internacional da muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A excursión das mulleres é unha actividade que o CIM ven organizando dende fai máis de 10 anos co obxectivo de proporcionar oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto das



CONCELLO DE TEO

mulleres do concello de Teo e ao mesmo tempo ofertar unha actividade de ocio onde as mulleres poidan gozar dun ocio persoal e sen responsabilidades familiares.

Por todo o exposto anteriormente, e afectos de financiar a presente actividade propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público que se aplicará na devandita actividade, todo elo conforme aos artigos 41 a 47 e 127 de Real Decreto Lexislativos 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Facendas Locais, e de acordo ao disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.(Texto refundido publicado no BOP nº 127 de 3 de xullo de 2024)

ESTUDO ECONÓMICO

O Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, con respecto o prezo público establece que os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal. O importe dos prezos públicos será como mínimo o custo do servizo pola prestación do servizo ou da actividade practicada. Sinala así mesmo que, excepcionalmente e por motivos sociais, benéficos, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente. Neste mesmo sentido postulouse a Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.

Consta memoria económica asinada pola Concelleira de Educación, Muller, Igualdade e da Directora-Psicóloga do centro de información á muller (CIM) onde se propón a determinación do prezo público. Neste informe analízase o custo e rendemento do servizo e xustifícase a fixación de prezos inferiores ao custe por tratarse dunha actividade que vai dirixida ás mulleres, dentro da procura do obxectivo de facilitar un lecer saudable e socializador que proporciona igualdade de oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos, incidindo simultaneamente no obxectivo global de corresponsabilizarse nas tarefas domésticas e do coidado de crianzas e persoas dependentes

Na memoria propónse o establecemento do seguinte prezo público:

- Prezo público para a actividade “Excursión das mulleres”: 25 €/persoa.

Queda constancia no expediente de que existe no orzamento dotación de crédito para a cobertura da diferenza entre o custo do servizo e os ingresos que se prevén obter polo prezo público (nº de operación RC 220250003806).

PROPOSTA

Polo exposto anteriormente e a vista do disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo, vista a memoria económica e



CONCELLO DE TEO

os informes de Tesourería de data 1 de abril de 2025 e Intervención de data 2 de abril de 2025 , tendo en conta ademais que a actividade por motivos sociais e culturais é de interese público PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do seguinte prezo público da actividade consistente en excursión de mulleres á vila de Betanzos :

- Prezo público para a actividade “Excursión das mulleres á vila de Betanzos”: 25 €/persoa

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

En Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación do Pleno (BOP núm. 127 do 03/06/2024) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do seguinte prezo público da actividade consistente en excursión de mulleres á vila de Betanzos :

- Prezo público para a actividade “Excursión das mulleres á vila de Betanzos”: 25 €/persoa

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.



CONCELLO DE TEO

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2024/2025.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 3 de abril de 2025 que se recolle a continuación, facendo constar que existe un erro na orde do día, xa que non se trata da “convocatoria de axudas” para o ensino e o transporte senón da “concesión de axudas” para o ensino e o transporte.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO. CURSO ACADÉMICO 2024/2025

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 04/11/2024, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria de axudas de ensino e o transporte do Concello de Teo para o curso académico 2024/2025.

A convocatoria publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 223 de data 19 de novembro de 2024, no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Unha vez examinada a documentación presentada en prazo, a comisión avaliadora, con data 27/03/2025, realizou unha proposta de concesión de axudas a esta alcaldía.

Visto que a proposta da comisión avaliadora conta coa fiscalización favorable da Intervención municipal de data 03/04/2025.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder as seguintes axudas de ensino e transporte solicitadas nos seguintes termos:

(...)

Segundo.-Aprobar e recoñecer este gasto con cargo á partida 320/480.00.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello de acordo coa base oitava da convocatoria.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Teo, asinado na data que figura na marxe



CONCELLO DE TEO

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Conceder as seguintes axudas de ensino e transporte solicitadas nos seguintes termos:

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
202499900003664	X		61,47 €		
202499900003666	X		200,00 €		
202499900003672	X		100,00 €		
202499900003672	X		100,00 €		
202499900003694	X		200,00 €		
202499900003704	X		85,53 €		
202499900003704	X		67,97 €		
202499900003706	X	X	200,00 €	200,00 €	
202499900003708	X		150,00 €		
202499900003711	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 2ª E BASE 6ª
202499900003712	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003715	X		150,00 €		
202499900003721	X		51,70 €		
202499900003724	X	X	200,00 €	200,00 €	
202499900003727	X		51,35 €		
202499900003728	X		55,85 €		
202499900003732	X		68,50 €		
202499900003735	X		60,00 €		
202499900003739	X		11,96 €		
202499900003739	X		0,00 €		
202499900003751	X		100,00 €		
202499900003752	X		150,00 €		
202499900003753	X		80,80 €		
202499900003754	X		150,00 €		
202499900003755			0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003756			0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003762			0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003764	X		22,42 €		
202499900003767	X		40,00 €		



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
202499900003768			0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003773	X		150,00 €		
202499900003851	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003851	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003851	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003875	X		100,00 €		
202499900003884	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003900	X		40,81 €		
202499900003916	X		150,00 €		
202499900003916	X		100,00 €		
202499900003918	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
202499900003985	X		100,00 €		
202499900004002	X		73,61 €		
202499900004011			0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
202499900003718/1	X		49,90 €		
202499900003718/2	X		52,02 €		
202499900003989/1	X		70,00 €		
202499900003989/2	X		62,30 €		
202499900004000/1	X		150,00 €		
202499900004000/2	X		150,00 €		
202499900004000/3	X		100,00 €		
202499900004010/1	X		100,00 €		
202499900004010/2	X		87,57 €		
202499900004212/1	X		100,00 €		
202499900004212/2	X		100,00 €		
202499900003879	X		40,95 €		
4194/RX3311929	X	X	200,00 €	200,00 €	
4195/RX3312203	X	X	150,00 €	200,00 €	
5264/24	X	X	100,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5266/24	X		99,48 €		
5268/24	X		100,00 €		
5274/24	X	X	49,90 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5275/24	X	X	150,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5276/24	X	X	48,19 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5277/24	X		150,00 €		
5278/24	X		200,00 €		
5280/24	X		68,45 €		
5285/24	X	X	200,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
5292/24	X		64,98 €		
5293/24	X		58,00 €		
5298/24	X		56,89 €		
5302/24	X		23,68 €		
5303/24	X		83,88 €		
5304/24	X		50,00 €		
5321/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5329/24	X		75,17 €		
5331/24	X		79,70 €		
5332/24	X		79,70 €		
5333/24	X		100,00 €		
5334/24	X		100,00 €		
5335/24	X		100,00 €		
5342/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5343/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5344/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5345/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5349/24	X		87,75 €		
5352/24	X		100,00 €		
5353/24	X		100,00 €		
5354/24	X	X	0,00 €	0,00 €	DESISTE DA SOLICITUDE
5355/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5360/24	X		100,00 €		
5361/24	X		200,00 €		
5362/24	X		100,00 €		
5364/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5366/24	X		71,32 €		
5367/24	X		12,84 €		
5370/24	X		66,89 €		
5371/24	X		100,00 €		
5372/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5373/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5375/24	X		150,00 €		
5376/24	X		200,00 €		
5385/24	X		100,00 €		
5386/24	X		32,93 €		
5390/24	X		90,54 €		
5395/23	X		150,00 €		
5398/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5399/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
5401/24	X		82,50 €		
5402/24	X		56,65 €		
5411/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5412/24	X		150,00 €		
5420/24	X		100,00 €		
5421/24	X		150,00 €		
5424/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5427/24	X	X	150,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5428/24	X		150,00 €		
5433/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5442/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5444/24	X		100,00 €		
5446/24	X		150,00 €		
5447/24	X		150,00 €		
5451/24	X		200,00 €		
5452/24	X		54,53 €		
5453/24	X		100,00 €		
5458/24	X		65,51 €		
5463/24	X		150,00 €		
5464/24	X		81,24 €		
5465/24	X		18,77 €		
5466/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 2ª
5488/24	X		150,00 €		
5490/24	X		150,00 €		
5498/24	X		100,00 €		
5499/24	X		69,61 €		
5505/24	X		97,09 €		
5517/24	X		100,00 €		
5518/24	X		96,83 €		
5519/24	X		100,00 €		
5521/24	X		150,00 €		
5522/24	X		150,00 €		
5523/24	X	X	200,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5524/24	X	X	200,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5526/24	X		100,00 €		
5536/24	X		150,00 €		
5541/24	X		150,00 €		
5542/24	X	X	200,00 €	200,00 €	
5545/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
5549/24	X		91,90 €		
5550/24	X	X	150,00 €	200,00 €	
5552/24	X		43,80 €		
5557/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 2ª
5558/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5583/24	X		100,00 €		
5589/24	X	X	200,00 €	200,00 €	
5590/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5596/24	X		150,00 €		
5597/24	X		200,00 €		
5600/24	X		100,00 €		
5602/24	X		79,70 €		
5609/24	X		46,02 €		
5610/24	X		46,00 €		
5613/24	X		46,00 €		
5618/24	X		65,78 €		
5619/24	X	X	150,00 €	200,00 €	
5621/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5622/24	X		150,00 €		
5623/24	X		100,00 €		
5624/24			0,00 €		INCUMPRE BASE 2ª
5632/24	X		100,00 €		
5633/24	X		200,00 €		
5640/24	X		97,60 €		
5650/24	X		100,00 €		
5659/24	X		47,26 €		
5665/24	X		100,00 €		
5670/24	X		150,00 €		
5672/24	X	X	150,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5679/24	X		200,00 €		
5680/24	X		200,00 €		
5682/24	X		87,26 €		
5683/24	X		81,73 €		
5690/24	X	X	150,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5691/24	X		150,00 €		
5692/24	X		61,13 €		
5693/24	X		50,00 €		



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
5694/24	X		95,46 €		
5695/24	X		55,31 €		
5700/24	X		79,00 €		
5701/24	X		100,00 €		
5713/24	X		57,57 €		
5714/24	X		65,50 €		
5719/24	X	X	150,00 €	200,00 €	
5725/24	X		99,39 €		
5732/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5733/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5734/24	X		99,32 €		
5739/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5740/24	X		91,45 €		
5741/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5746/24	X		100,00 €		
5747/24	X		100,00 €		
5748/24	X		100,00 €		
5749/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5751/24	X		44,33 €		
5752/24	X		91,88 €		
5753/24	X		9,90 €		
5755/24	X		200,00 €		
5757/24	X		200,00 €		
5758/24	X		19,35 €		
5764/24	X		150,00 €		
5766/24	X		150,00 €		
5767/24	X		200,00 €		
5783/24	X		100,00 €		
5784/24	X		100,00 €		
5785/24	X		100,00 €		
5787/24	X		56,04 €		
5788/24	X		50,00 €		
5790/24	X		100,00 €		
5791/24	X		63,46 €		
5792/24	X		79,34 €		
5793/24	X		46,45 €		
5794/24	X		150,00 €		
5795/24	X		100,00 €		
5798/24	X		150,00 €		



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
5799/24	X		100,00 €		
5814/24	X		25,25 €		
5817/24	X		30,00 €		
5818/24	X		97,93 €		
5828/24	X		100,00 €		
5829/24	X		100,00 €		
5833/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 2ª
5835/24	X		150,00 €		
5836/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5847/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5849/24	X		86,74 €		
5853/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5857/24	X		200,00 €		
5860/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5861/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5863/24	X		78,23 €		
5864/24	X		100,00 €		
5866/24	X		100,00 €		
5867/24	X		150,00 €		
5868/24	X	X	200,00 €	200,00 €	
5869/24	X		100,00 €		
5872/24	X		45,99 €		
5873/24	X		100,00 €		
5874/24	X		90,76 €		
5876/24	X		150,00 €		
5877/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5878/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5881/24	X	X	200,00 €	200,00 €	
5890/24	X		44,95 €		
5891/24	X		31,99 €		
5897/24	X		100,00 €		
5901/24			0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5902/24			0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5907/24	X		150,00 €		
5908/24	X		150,00 €		
5910/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5911/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5912/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5914/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5916/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE



CONCELLO DE TEO

Nº EXPEDIENTE	AXUDA SOLICITADA		IMPORTE AXUDA		CAUSA EXCLUSIÓN
	ENSINO	TRANSPORTE	ENSINO	TRANSPORTE	
5917/24	X		0,00 €		DESISTE DA SOLICITUDE
5922/24	X		78,90 €		
5924/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5925/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5926/24	X		20,12 €		
5927/24	X		25,00 €		
5928/24	X		32,99 €		
5929/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 2ª
5930/24	X		100,00 €		
5931/24	X		150,00 €		
5940/24	X	X	86,15 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5941/24	X		70,00 €		
5942/24	X		60,60 €		
5943/24	X	X	67,01 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5944/24	X		30,10 €		
5945/24	X		9,45 €		
5946/24	X		50,00 €		
5947/24	X		50,00 €		
5948/24	X		71,58 €		
5949/24	X		76,47 €		
5950/24	X	X	150,00 €	200,00 €	
5951/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5952/24	X	X	150,00 €	0,00 €	TRANSPORTE INCUMPRE BASE 2ª
5953/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5958/24	X		100,00 €		
5959/24	X		200,00 €		
5961/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5962/24	X		0,00 €		INCUMPRE BASE 6ª
5966/24	X		100,00 €		
5967/24	X		100,00 €		
TOTAL (ENSINO E TRANSPORTE)			23.715,87 €	2.400,00 €	
TOTAL XERAL ASIGNADO			26.115,87 €		

Segundo.-Aprobar e recoñecer este gasto con cargo á partida 320/480.00.



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello de acordo coa base oitava da convocatoria.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e once minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 8/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE ABRIL DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 21 de abril de 2025 reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: María Vázquez Rey

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN INGRESOS ICIO. JAVIER ANDRADE FREIRE
- 3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA
- 4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:



CONCELLO DE TEO

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

A LUCIA MIGUEZ RIVAS e ÁLVARO ALONSO FILGUEIRA, CÉSAR MARTÍN PÉREZ e IRIA LADO VILLAR e PEDRO MARTÍN SILVA, licenza para obras de construción de tres vivendas unifamiliares, en Ribeira, 46, parroquia de Cacheiras Lampai, R.C.: 001302800NH34B0001LI, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenado Ansede.

Expediente núm: **18/2025 -2021/U022/000003**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico e de execución, visado no colexio oficial de arquitectos en datas 13.08.2024 e 18.11.2024, redactados polo arquitecto Francisco Javier Amenado Ansede.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.



CONCELLO DE TEO

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado por Jesús Filloy Villar, en nome e representación de “Veiga de Grioy S.L.”, dunha superficie de 128,00 m².

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.



CONCELLO DE TEO

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

- Clasificación do solo: ORDENANZA U-4, Casco tradicional
- Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Amenado Ansedo
- Arquitecto/a técnico/a director/a: Gustavo Gendra Ferro
- Coordinador/a de seguridade e saúde: Gustavo Gendra Ferro

PROXECTO V1 (Lucía Míguez Rivas e Álvaro Alonso Filgueira)

- Tipoloxía edificatoria: Edificación encostada
- Usos: Vivenda unifamiliar
- Condicións da parcela:
 - Superficie mínima parcela neta: 216,26 m²
 - Fronte mínima: 14,07 m.
- Volumetría:
 - Edificabilidade: 11,80 m
 - Altura máxima: B+1, 6,50 m.
- Posición da edificación:
 - Recuamento á aliñación: Aliñación oficial
 - Recuamento a lindeiros: 3,00 m. ou encostada
- Outras condicións:
 - Tipo de cuberta: Integrada no entorno
 - Pendente máxima de cuberta: 18º
 - Altura do cumio: 1,93 m.
 - Aproveitamento baixo cuberta: Non
 - Prazas de aparcamento: 2 prazas

PROXECTO V2 (César Martín Pérez e Iria Lado Villar)

- Tipoloxía edificatoria: Edificación encostada
- Usos: Vivenda unifamiliar
- Condicións da parcela:
 - Superficie mínima parcela neta: 200,71 m²
 - Fronte mínima: 14,07 m.
- Volumetría:
 - Edificabilidade: 11,80 m
 - Altura máxima: B+1, 6,50 m.



CONCELLO DE TEO

- Posición da edificación:
 - Recuamento á aliñación: Aliñación oficial
 - Recuamento a lindeiros: Encostada
- Outras condicións:
 - Tipo de cuberta: A dúas augas de tella
 - Pendente máxima de cuberta: 18º
 - Altura do cumio: 2,94 m.
 - Aproveitamento baixo cuberta: Non
 - Prazas de aparcamento: 2 prazas

PROXECTO V3 (Pedro Martín Silva)

- Tipoloxía edificatoria: Edificación encostada
- Usos: Vivenda unifamiliar
- Condicións da parcela:
 - Superficie mínima parcela neta: 222,60 m²
 - Fronte mínima: 14,07 m.
- Volumetría:
 - Edificabilidade: 10,54 m
 - Altura máxima: B+1, 6,50 m.
- Posición da edificación:
 - Recuamento á aliñación: Aliñación oficial
 - Recuamento a lindeiros: Encostada
- Outras condicións:
 - Tipo de cuberta: A dúas augas de tella
 - Pendente máxima de cuberta: 18º
 - Altura do cumio: 2,94 m.
 - Aproveitamento baixo cuberta: Non
 - Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 860.608,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 17.212,16 €.
- . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 180,00 €.
- . Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 17.512,16 euros.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS ICIO . JAVIER ANDRADE FREIRE.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 9 de abril de 2025 que se recolle a continuación:



CONCELLO DE TEO

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/T001/000007

ASUNTO: SOLICITUDE DEVOLUCIÓN INGRESOS CORRESPONDENTE AO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS ASOCIADOS A EXPEDIENTE 2024/U017/000024 DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 34/2019.

INTERESADO: JAVIER ANDRADE FREIRE.

Vista a Solicitud de data 12 de novembro de 2024 presentada por Javier Andrade Freire (rex nº 2025/5129) mediante a cal solicita a o desistimento da obra de construción dunha vivenda con nº de licenza nº 34/2019 e o reintegro das cantidades abonadas en concepto de ICIO

Visto o ingreso de data 06/11/2019 por importe de 2.119,52 euros en concepto de ICIO.

Atendendo ao Informe do aparelador municipal de data 20 de novembro de 2024 no que indica, polo que afecta á devolución de ingresos que as obras están sen iniciar é que non se observa inconveniente para a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto o acordo Xunta de Goberno local de 2 de decembro de 2024 tomando coñecemento da renuncia presentada por Javier Andrade Freire a licenza urbanística nº 34/2019 para construción dunha vivenda en Lugar da Igrexa nº 62, Luou.

Visto o informe-proposta de Tesourería de data 9 de abril de 2025 coa fiscalización favorable da Intervención da mesma data, no que propón a estimación da devolución do importe correspondente á imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 2.119,52 euros, baseándose entre outros nos seguintes fundamentos xurídicos:

“ICIO

Primeiro.- O art. 100 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que o Imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola

realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido o non dita licenza, sempre que a súa expedición lle corresponda o concello da imposición. Nos mesmos termos se regula no artigo 2 da OF reguladora do ICIO.

Por outra banda, o art. 102 do mesmo corpo legal, indica que a base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e entendese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Segundo.- O art. 102.4 do TRLRFL e o artigo 8 da ordenanza fiscal:



CONCELLO DE TEO

“1.-A obriga de contribuír nace no intre de se escomeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que escomece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.-Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.”

Así mesmo debe terse en conta o disposto no artigo 10.6 da Ordenanza fiscal que determina que:

“10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable”

En canto ao feito imponible do ICIO a Sentenza do TS de 14 de setembro de 2005, ditada en recurso de casación en interese de lei, conclúe que no ICIO o feito imponible é a realización de determinadas obras, aquelas para cuxa execución se necesite licenza municipal, pero o feito imponible prodúcese independentemente de que a licenza fora ou non solicitada. Nin a solicitude de licenza implica iniciación na realización do feito imponible nin a concesión de aquela significa a culminación deste. O feito imponible comeza a realizarse ao iniciarse a execución da obra e termina coa súa completa execución, momento en que a Administración, tras comprobar cal foi o seu custo efectivo, pode virar a liquidación definitiva que proceda (art. 104. 2 LHL), aínda que o art. 103.4 LHL fixe o devengo non neste momento final senón no inicial da data do comezo da construción, instalación ou obra.

Dende a perspectiva da devindicación, continua dicindo a citada sentenza, o verdadeiramente importante, como puxo de relevo a doutrina, é a realización do elemento obxectivo. En efecto, para considerar realizado o feito imponible nun imposto que grava un resultado real, como é o ICIO , teremos que determinar cando cobra realidade ese elemento material, e este é o único momento que condiciona o nacemento da obriga tributaria. Non importa a extensión temporal do elemento material realizado, xa que en todas elas teremos que acudir á realidade para indagar en que momento se realizou ese substrato material do feito imponible e en función do mesmo consideralo realizado xuridicamente e, consecuentemente, tamén situar o devengo nese instante.(...).

(...) Atopámonos, en definitiva, cun Imposto cun réxime especial de pagamento e exixibilidade respecto a outros tributos, pois é un imposto que anticipa de forma obrigatoria unha liquidación provisional ao propio momento do pagamento do tributo, en casos como o presente en que se obtivo a licenza de obras, e iso porque o pagamento prodúcese no momento mesmo de iniciarse as obras.



CONCELLO DE TEO

No caso concreto realizouse unha liquidación provisional de ICIO por importe de 2.119,52 euros.

Polo exposto e de conformidade co establecido nos artigos 31 e 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o artigo 18.4 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de Revisión en Vía Administrativa.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Estimar a devolución do importe de 2.119,52 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Que se remita a presente proposta á Xunta de Goberno local para a súa resolución, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que obren no mesmo.

Terceiro.- Que se notifique o acordo ao interesado e que se comunique a resolución á Tesourería para que, proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade resultante na conta corrente titularidade do interesado, debendo presentar no Concello certificado bancario de titularidade.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz “

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Estimar a devolución do importe de 2.119,52 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Que se remita a presente proposta á Xunta de Goberno local para a súa resolución, xunto con todos os documentos, alegacións e informacións que obren no mesmo.

Terceiro.- Que se notifique o acordo ao interesado e que se comunique a resolución á Tesourería para que, proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade resultante na conta corrente titularidade do interesado, debendo presentar no Concello certificado bancario de titularidade.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.



CONCELLO DE TEO

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 9/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 5 DE MAIO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 5 de maio de 2025 reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de outubro de 2024 (Lic. 44/2024 -2023/U022/000026).



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900000590 do 03/03/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 4 de abril de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 3 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000590), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para substitución de CT e LMTS, na Rúa Irmáns Liste Forjan, 19 (SGD618523109015).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalacións de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outórganse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outórganse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (4.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900000963 de 04/04/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000006, para substitución de CT e LMTS, na Rúa Irmáns Liste Forjan, 19 (SGD618523109015), de acordo co solicitado en data 3 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000590).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000006, para substitución de CT e LMTS, na Rúa Irmáns Liste Forjan, 19 (SGD618523109015), de acordo co solicitado en data 3 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000590).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S. A. (rex. entrada nº 202599900000800 do 19/03/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 21 de abril de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Arturo López de la Osa Manso, en representación de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S. A., de 19 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000800), para que se lle outorgue autorización de ocupación do dominio público para construción dunha rampla de acceso á oficina bancaria situada en Travesía de Cacheiras, 60, R.C.: 7212902NH3471S0023UW.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.



CONCELLO DE TEO

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 500,00 euros (mediante transferencia da entidade BBVA en data 16/04/2025), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Arturo López de la Osa Manso, en representación de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S. A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000011, para construción dunha rampla de acceso á oficina bancaria situada en Travesía de Cacheiras, 60, R.C.: 7212902NH3471S0023UW, de acordo co solicitado o 19 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000800).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Arturo López de la Osa Manso, en representación de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S. A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000011, para construción dunha rampla de acceso á oficina bancaria situada en Travesía de Cacheiras, 60, R.C.: 7212902NH3471S0023UW, de acordo co solicitado o 19 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000800).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A COMUNIDADE DA AUGA DA TRAÍDA DOS VECIÑOS DE REGOUFE (rex. entrada nº 202500000001381 do 15/04/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 25 de abril de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Esteban Vieites Montes, en representación de Comunidade da auga da traída dos veciños de Regoufe, de 15 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202500000001381), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para canalización das tubarías de auga veciñal a través do viario público que discorre lindeiro á finca con referencia catastral núm. 15083A501108890000KM.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.



CONCELLO DE TEO

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente, 660,00 euros (mediante transferencia da entidade ABANCA en data 20/03/2025, do ordeante Breixo Reymondez Rúa), aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Esteban Vieites Montes, en representación de Comunidade da auga da traída dos veciños de Regoufe, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000016, para canalización das tubarias de auga veciñal a través do viario público que discorre lindeiro á finca con referencia catastral núm. 15083A501108890000KM, de acordo co solicitado o 15 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202500000001381).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes”.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Esteban Vieites Montes, en representación de Comunidade da auga da traída dos veciños de Regoufe, licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000016, para canalización das tubarias de auga veciñal a través do viario público que discorre lindeiro á finca con referencia catastral núm. 15083A501108890000KM, de acordo co solicitado o 15 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202500000001381).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA. GUIDO RUSBEL GARCÍA CAMPOS.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de abril de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



CONCELLO DE TEO

Vista a instancia presentada en data 07/06/2024 por D.GUIDO RUSBEL GARCIA CAMPOS de devolución de garantía para obras de canalización de treito de cuneta e pavimentar fronte de parcela en San Domingo s/n.Calo.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 16/04/2025, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por GUIDO RUSBEL GARCIA CAMPOS para obra referida anteriormente, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 16 de abril de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz “

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por GUIDO RUSBEL GARCIA CAMPOS para obra referida anteriormente, por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.



CONCELLO DE TEO

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE “SAÍDA CULTURAL Á MARIÑA LUCENSE”.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 25 de abril de 2025, que se recolle a continuación:

“ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE SAÍDA CULTURAL Á MARIÑA LUCENSE.

EXPEDIENTE: 2025/X999/000271

ANTECEDENTES

Dende o Departamento de Servizos sociais do Concello Teo prevese organizar dúas visitas culturais e de lecer os días 14 e 21 de xuño de 2025 con destino á Mariña Lucense con visita á Praia das catedrais (Ribadeo) e paradas en Foz e Ribadeo.

O programa inclúe, para un mínimo de 25 e un máximo de 110 prazas por día, o desprazamento en autocar, de ida e volta, e as comidas. Os lugares a visitar serán a basílica de San Martiño en Foz, a praia das catedrais en Ribadeo onde terá lugar o almorzo, e Ribadeo con visita guiada. Así mesmo, realizarase paradas intermedias para descanso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente actividade forma parte do Programa de Envellecemento Activo que está conformado por un conxunto de actividades de lecer para dinamizar ás persoas maiores e favorecer tanto as súas capacidades cognitivas e físicas como promover as relacións sociais que eviten situacións de soidade e illamento propias da vellez e non desexadas. En concreto, a programación de visitas e saídas culturais, busca proporcionar oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos.

Por todo o exposto anteriormente, e afectos de financiar a presente actividade propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público que se aplicará na devandita actividade, todo elo conforme aos artigos 41 a 47 e 127 de Real Decreto Lexislativos 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Facendas Locais, e de acordo ao disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo. (Texto re-



CONCELLO DE TEO

fundido publicado no BOP nº 127 de 3 de xullo de 2024)

ESTUDO ECONÓMICO

O Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, con respecto o prezo público establece que os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal. O importe dos prezos públicos será como mínimo o custo do servizo pola prestación do servizo ou da actividade practicada. Sinala así mesmo que, excepcionalmente e por motivos sociais, benéficos, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente. Neste mesmo sentido postulouse a Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.

Consta memoria asinada da Concelleiro de Servizos sociais, Familia, Infancia, 3ª idade e Relacións veciñais e da Coordinadora de Servizos sociais Municipais onde se propón a determinación do prezo público. Neste informe analízase o custo e rendemento do servizo e xustifícase a fixación de prezos inferiores ao custe por tratarse dunha actividade que vai dirixida á poboación maior, dentro da procura do obxectivo de facilitar un lecer saudable e socializador que proporciona oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos, incidindo simultaneamente no obxectivo global de evitar o illamento e a soidade non desexada

Na memoria propónse o establecemento do seguinte prezo público:

- Prezo público para a actividade “Visita de lecer e cultural á Mariña Lucense”: 30€/persoa.

Queda constancia no expediente de que existe no orzamento dotación de crédito para a cobertura da diferenza entre o custo do servizo e os ingresos que se prevén obter polo prezo público (nº de operación RC 220250005411).

PROPOSTA

Polo exposto anteriormente e a vista do disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo, vista a memoria económica e os informes de Tesourería de data 24 de abril de 2025 e Intervención de data 25 de abril de 2025 ,



CONCELLO DE TEO

tendo en conta ademais que a actividade por motivos sociais e culturais é de interese público PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do seguinte prezo público “Visita de lecer e cultural á Mariña Lucense:

- Prezo público para a actividade “Visita de lecer e cultural á Mariña Lucense”: 30€/persoa.

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

En Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do seguinte prezo público “Visita de lecer e cultural á Mariña Lucense:

- Prezo público para a actividade “Visita de lecer e cultural á Mariña Lucense”: 30€/persoa.

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.



CONCELLO DE TEO

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e catorce minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 10/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 19 DE MAIO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 19 de maio de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D.^a María Vázquez Rey

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 2.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO
- 3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍA
- 4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:



CONCELLO DE TEO

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte licenza. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

A RAMÓN DAPENA CORDO, licenza para construción dun galpón para uso agropecuario e peche parcial de parcela, en rúa Lamela, 13, Ameneiro, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial José Luis de la Mata Mancebo.

Expediente núm: **24/2025 -2022/U022/000032**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico de e execución, redactado polo enxeñeiro técnico industrial José Luis de la Mata Mancebo, visado no colexio correspondente en data 17.01.2022.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exíxible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística (artigo 39.e) da LSG).

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de auga.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra,



CONCELLO DE TEO

comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira utilización, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

- b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

- c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

- d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

- e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.



CONCELLO DE TEO

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA R-5, Solo rústico de especial protección de augas

-Usos: Almacén agrícola

-Arquitecto técnico director da obra: José Luis de la Mata Mancebo

-Coordinador/a de seguridade e saúde: José Luis de la Mata Mancebo

-Condições da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 3.572,96 m²

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,05 m²/ m²

Altura máxima: B, 4,50 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 7,46 %

Recuamento a lindeiros: 5,00 m.

-Presuposto: 149.940,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.998,80 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 198,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 3.316,80 euros.

Tendo en conta que figura ingreso do interesado da liquidación núm. 20220000019515, por importe de 1.066,38 euros, en data 08/06/2022, apróbase a compensación sobre a liquidación anterior, resultando o importe a aprobar 2.250,42 euros.

A vista do anterior, apróbase a seguinte liquidación definitiva:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.932,42 euros (2.998,80 – 1.066,38)

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 198,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.250,42 euros.

2- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.



CONCELLO DE TEO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900001020 do 10/04/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 9 de maio de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 10 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202599900001020), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Caxade, 30-F, Luou (SGD618525030008).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900001279 de 08/05/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000012, para acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Caxade, 30-F, Luou



CONCELLO DE TEO

(SGD618525030008), de acordo co solicitado en data 10 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202599900001020).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000012, para acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Caxade, 30-F, Luou (SGD618525030008), de acordo co solicitado en data 10 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202599900001020).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA. SERAFÍN PÉREZ VÁZQUEZ.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 16 de maio de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 07/01/2025 por SERAFIN PEREZ VAZQUEZ de devolución de garantía para obras de soterramento de treito de canalización para aloxar varias tubaxes de subministro de auga potable no lugar de Agrela Lampai.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 16/05/2025, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por SERAFIN PEREZ VAZQUEZ para obra referida anteriormente, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 16 de maio de 2025.

A Alcaldesa



CONCELLO DE TEO

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por SERAFIN PEREZ VAZQUEZ para obra referida anteriormente, por importe de 300,00€, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e sete minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 11/25
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- 2 DE XUÑO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e nove minutos do día 2 de xuño de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 2.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 12/2025-2024/U022/000031**
- 3.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 4.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:



CONCELLO DE TEO

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A MARÍA ISABEL TOJO BEN e MIGUEL ÁNGEL SEOANE SÁNCHEZ, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Ribeira, 7, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503003570000SZ - 15083B503003580001DI, segundo proxecto redactado pola arquitecta Eva María Álvarez Fernández.

Expediente núm: **25/2025 -2024/U022/000042**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico e de execución, redactado pola arquitecta Eva María Álvarez Fernández, visado no colexio oficial de arquitectos en data 20.11.2024.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo sr. Seoane, dunha superficie de 53,85 m².

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Figura no expediente garantía polas obras simultáneas de urbanización, por importe de 16.502,06 euros, segundo aval da entidade Caixabank S.A., de data 13 de maio de 2025.



CONCELLO DE TEO

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
 - Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
 - Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
 - Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
 - Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
 - Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.
- .- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:
- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.



CONCELLO DE TEO

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Eva María Álvarez Fernández

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Daniel Tudó Anta

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Daniel Tudó Anta

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 2.5522,00 m²

Fronte mínima: 19,25 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,05 m²/ m²

Altura máxima: B, 3,89 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 6,21 %

Recuamento á aliñación: 14,10 m.

Recuamento a lindeiros: 3,27 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Plana

Pendente máxima de cuberta: 1º

Altura do cumio: 0 m.



CONCELLO DE TEO

Aproveitamento baixo cuberta: Si

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 162.970,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.259,41 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 3.439,41 euros.

1.2. A ALBERTO BARRIOS CALDARELLI e SUSANA MATOS DAPARTE, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Sebe, 51, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503016820000SZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro.

Expediente núm: **26/2025 -2025/U022/000012**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Figura no expediente garantía polas obras simultáneas de urbanización, por importe de 6.342,98 euros, mediante transferencia da entidade Abanca, de data 13 de maio de 2025.

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario, debendo presentar escritura de cesión para a súa aceptación.



CONCELLO DE TEO

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPTE DE DEVOLUCIÓN DE VALA SERAFÍN PÉREZ VÁZQUEZ.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 19 de xuño de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



CONCELLO DE TEO

Vista a instancia presentada en data 07/01/2025 por SERAFIN PEREZ VAZQUEZ de devolución de garantía para obras de soterramento de treito de canalización para aloxar varias tubaxes de subministro de auga potable no lugar de Agrela Lampai.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 16/05/2025, favorable á devolución, segundo cal, o importe do aval a devolver era de 200€ ,e tendose detectado un erro material na proposta da Alcaldía que se elevou a Xunta de Goberno Local de data 19/05/2025, xa que indicaba un importe de 300€.

Considerando a posibilidade de correxir en calquer momento os erros materiais existentes nos actos administrativos dacordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.-Correxir o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/05/2025 de devolución de aval a SERAFIN PEREZ VAZQUEZ ,de xeito que onde di “por importe de 300”debe dicir “por importe de 200”.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 19 de xuño de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.-Correxir o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/05/2025 de devolución de aval a SERAFIN PEREZ VAZQUEZ ,de xeito que onde di “por importe de 300”debe dicir “por importe de 200”.



CONCELLO DE TEO

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXERCICIO 2025.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 19 de xuño de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e de prevención e loita contra a violencia de xénero para 2025.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto de data 17/06/2025.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para 2025, que se reflicte de seguido:

(...)

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero para 2025, que se reflicte de seguido:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EJERCICIO 2025

1ª.- OBJETO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade entre homes e mulleres e de prevención e loita contra a violencia de xénero organizadas ou promovidas por asociacións veciñais de igualdade e benestar durante ano 2025, con cargo á partida 231/480.00 do Orzamento de 2025, por un importe total de 10.000,00 euros.

2ª.-BENEFICIARIOS/AS

1.-Serán beneficiarias as asociacións veciñais, de mulleres, de igualdade ou de benestar con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo que desenvolvan actividades que para esta convocatoria entenderanse:

Promoción da igualdade entre homes e mulleres,

- Actividades de sensibilización e fomento da igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.
- Obradoiros en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de condutas en materia de conciliación, responsabilidade doméstica e de coidado.
- Accións relacionadas coa saúde da mulleres e o seu benestar xeral: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudables; detección precoz de enfermidades;



CONCELLO DE TEO

trastornos da alimentación; relacións afectivo-sexuais; autoestima e imaxe corporal; fomento da práctica de actividades físicas...

- Formación en linguaxe non sexista.
- Campañas a prol do xoguete non sexista. Actividades de sensibilización sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas.
- Accións de apoio á lactación materna.
- Actividades de información e sensibilización sobre roles e estereotipos de xénero, a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado.
- Accións sobre educación na igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres.
- Actividades para facer visible o papel das mulleres na historia, na arte, literatura, política, ciencia, deporte...
- Actividades que promovan a participación dos homes de todas as idades na consecución da igualdade real.

Prevención e loita contra a violencia de xénero:

- Actividades de formación/información, sensibilización e prevención da violencia de xénero: obradoiros de formación na violencia de xénero; actos ou campañas de sensibilización; actos conmemorativos do 11 de febreiro, Día internacional da muller e a nena na ciencia; 8 de marzo, Día Internacional da muller; 25 de novembro Día internacional para combater a violencia de xénero...
- Calquera outra acción dirixida á erradicación da violencia de xénero.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas (campañas, cursos, talleres, xornadas, seminarios, obradoiros, charlas, publicidade) e sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.

2. As actividades excluídas destas subvencións e que non poderán ser obxecto da mesma son:

- a) As actividades para as que se solicitara subvencións noutras áreas ou departamentos do Concello, ou aquelas outras que teñan unha vía máis específica de subvención en ditas áreas ou departamentos (actividades ocupacionais diversas).
- b) Viaxes de carácter lúdico ou cultural.
- c) Festas e outras actividades semellantes.
- d) Alugueiro de locais e mantemento destes.



CONCELLO DE TEO

- e) Compra de bens inventariables.
- f) Gastos estruturais da entidade beneficiaria.
- g) Pinchos, cafés ou gastos similares.
- h) Adquisición de obsequios e agasallos.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos e sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3. Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.

As asociacións beneficiarias das axudas adquiren as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.



CONCELLO DE TEO

- Comunicar ao Concello de Teo o inicio das mesmas.
- Acreditar diante do Concello de Teo a realización da actividade, proxecto e cumprimento do seu fin. Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.
- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.
- Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se indicada, deberán presentarse, seguindo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por medios electrónicos. A presentación de toda a documentación deberá facerse na sede electrónica do Concello de Teo (<http://sede.teo.gal>). De igual forma, esta obriga de presentación electrónica mantense durante toda a tramitación do expediente.

A documentación que acompañará á solicitude:

- a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e as prazas ofertadas para a mesma.
- b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no Concello.
- c) Certificación bancaria que acredite a titularidade da conta onde se efectuarán os pagamentos.



CONCELLO DE TEO

d) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

e) Os anexos coa memoria da actividade e xustificación da mesma (anexos II a IV)

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 5 días naturais para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

4ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIONES

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicará o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 30% da contía global.

5ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Igualdade nos prazos indicados nas presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.



CONCELLO DE TEO

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: A concelleira da área de Igualdade.
- A psicóloga do CIM.
- Concelleira/o de Servizos Sociais do Concello de Teo.

A comisión será a encargada de requirir das persoas solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. O técnico da comisión encargarse igualmente de requirir a subsanación na conta xustificativa, concedendo un prazo de 3 días naturais para subsanar. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

6ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrencia competitiva os seguintes:

CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE	ATA 25 PUNTOS
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Teo)	Ata 10 puntos



CONCELLO DE TEO

Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Teo	Ata 10 puntos
Pola primeira actividade	Ata 5 puntos
CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 35 PUNTOS
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social	Ata 10 puntos
Déficit de actividades análogas no territorio de influencia	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Grao de innovación da actividade	Ata 10 puntos

7ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todas as asociacións solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionables de acordo da base 2ª desta convocatoria.

8ª.-COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

9ª.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 20/11/2025.



CONCELLO DE TEO

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **deberá incluír:**

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: “ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE TEO”.

- Xustificantes do pagamento das facturas:
 - No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.
 - Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal. O modelo atópase na páxina web www.teo.gal , sección de Administración: Trámites: Descarga de impresos: Tesourería: Alta ou baixa de datos bancarios.
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo , os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o periodo de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.



CONCELLO DE TEO

- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados con cada actividade subvencionada, segundo anexo III
- Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade Anexo IV
- Relación de ingresos da entidade segundo anexo V
- Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas. Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarse o cambio.

Admitiranse como gastos subvencionables os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarse copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

As subvencións xustificaranse antes do 20/11/2025. A non presentación da conta xustificativa dentro do prazo citado dará lugar á perda da subvención.

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.



CONCELLO DE TEO

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta verase reducida proporcionalmente.

10ª.-CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

11ª.-RÉXIME XURÍDICO


Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

12ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2025 a seguinte lenda “co apoio do Concello de Teo”, seguido da imaxe corporativa oficial do mesmo.

Teo, asinado na data da sinatura dixital



CONCELLO DE TEO

A concelleira delegada de Igualdade.

María Vázquez Rey



CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE
IGUALDADE

ANO 2025

ANEXO I - SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	CIF :
ENDEREZO	CP:
TELÉFONO/S	
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	NIF
Nº DE CONTA BANCARIA	
TITULAR DA CONTA	
Nº DE CONTA (con IBAN - 24 díxitos)	

DECLARACIÓN XURADA

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

- 1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións
- 2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria
- 3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social
- 4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos





CONCELLO DE TEO

5) Que **SI** **NON** (marcar o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____€

6) A entidade á que represento non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Teo, _____ de _____
A persoa representante da entidade
Asdo.

de

Alcaldesa do Concello de Teo



CONCELLO DE TEO



CONCELLO
DE TEO
Igualdade

CONCELLO DE TEO

SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE

ANO 2025

ANEXO II - MEMORIA DA
ACTIVIDADE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONO/S	
ENDEREZO ELECTRÓNICO.	
REPRESENTANTE	NIF
Nº DAS PERSOAS SOCIAS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén) :	

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)	
DESCRICIÓN	(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN	
PERSOAS DESTINATARIAS	



CONCELLO DE TEO

ORZAMENTO:

Gastos:

Ingresos previstos:

Contía solicitada:

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)

DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)

DATA/S DE REALIZACIÓN

PERSOAS DESTINATARIAS

ORZAMENTO:

Gastos:

Ingresos previstos:

Contía solicitada:

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)

DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)




CONCELLO DE TEO

DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO:
Gastos:
Ingresos previstos:
Contía solicitada:

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)	
DESCRICIÓN	(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN	
PERSOAS DESTINATARIAS	
ORZAMENTO:	
Gastos:	
Ingresos previstos:	
Contía solicitada:	

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)	
DESCRICIÓN	(No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)



CONCELLO DE TEO

DATA/S DE REALIZACIÓN	
PERSOAS DESTINATARIAS	
ORZAMENTO:	
Gastos:	
Ingresos previstos:	
Contía solicitada:	
Teo,	de
A persoa que representa á entidade	
Asdo.	
Alcaldesa do Concello de Teo	



CONCELLO DE TEO




CONCELLO DE
TEO

SUBVENCIÓN A ENTIDADES DE
IGUALDADE

ANO 2025

ANEXO III - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS				
ENTIDADE:				
CIF:				
NOME DA ACTIVIDADE:				
TIPO DE ACTIVIDADE - BREVE DESCRICIÓN (indicar nº de persoas participantes)	DATA	Ingreso s	Gasto s	Subvención



CONCELLO DE TEO

[illegible]



CONCELLO DE TEO



CONCELLO
DE TEO
Igualdade

CONCELLO DE
TEO

SUBVENCIONS ACTIVIDADES DE
IGUALDADE

ANO 2025

ANEX SUBV ANEXO IV- XUSTIFICACIÓN DA
SUBVENCIÓN

I-XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS (Unha por cada
actividade)

ENTIDADE:					
NOME DA ACTIVIDADE :					
Provedor	Nº factura	Data da factura	Concepto	Data do pagamento	Importe

A/O presidenta/e

A/O tesoureira/o



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO



SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE IGUALDADE

ANO 2025

ANEXO V- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DA ENTIDADE		
ENTIDADE:		
CIF:		
NOME DA ACTIVIDADE:		
CONCEPTO	PROCEDENCIA	IMPORTE
Achega das persoas socias	Por cotas	€
Subvencións do Concello de Teo	Describir a procedencia	€
		€
		€
		€
Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas	Describir a procedencia	€
		€
		€
		€
Outros ingresos (de ser o caso)	Describir a procedencia	€
		€
IMPORTE TOTAL		€

Teo, de

de

A/O presidenta/e

A/O tesoureira/o



CONCELLO DE TEO

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2025.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 19 de xuño de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades educativas sen ánimo de lucro para 2025.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 17/06/2025.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades educativas sen ánimo de lucro para 2025 que se reflicten de seguido:

(...)

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital
A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades educativas sen ánimo de lucro para 2025 que se reflicten de seguido:



CONCELLO DE TEO

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2025

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por centros educativos públicos de ensino non universitario e as súas respectivas asociacións de nais e pais, pola realización de actividades de carácter educativo no ano 2025, con cargo á partida 320/48000 do orzamento de 2025, por un importe total de 13.000 euros, dos cales corresponden 6.000 euros para os centros educativos e os restantes 7000 euros para as ANPAS.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da formación educativa do alumnado dos centros educativos públicos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria que desenvolvan a actividade no ámbito municipal do noso Concello.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

Os centros públicos de ensino non universitario e asociacións de pais e nais, sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Censo de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

7.1.a Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no curso 2024/2025.

7.1.b Gastos ocasionados pola organización de actividades durante o curso 2024/2025 dentro do territorio municipal ou fora do concello no caso de saídas de carácter didáctico.

4ª.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse PREFERIBLEMENTE POLA SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal>) ou no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, entre o 1 e o 30 de setembro de 2025 (ambos incluídos)



CONCELLO DE TEO

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello e na web.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado (Anexo I), e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e o número de alumnado participante. (Anexo II)
- b Copia cotexada do CIF. Só necesaria en caso de non estar depositada no Concello.
- c Carteis, notas de prensa ou calquera outro documento publicitario das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención, **se os houbera**.
- d Memoria económica do curso 2024/2025, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.
- e Memoria descritiva das actividades que se desenvolveron no curso 2024/2025, detallando en cada unha:
 - gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo.
 - obxectivos que se pretendían acadar coa realización da actividade.
 - obxectivos finalmente conseguidos.
 - a Factura oficial correspondente ao gasto dos materiais mercados.
 - b Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.
 - c Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
 - d No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquiván- dose sen máis trámites de non se emendaren os defectos no dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrência competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

- 1 Por actividades de carácter permanente (que se realizan ao longo do curso). Máximo 10 puntos.
 - 1 punto por cada actividade.
 - 2 puntos por cada actividade se está organizada por unha ANPA e ten carácter gratuíto.
- 1 Por actividades de carácter non permanente (actividades periódicas ou puntuais aínda que se fagan cada ano). Máximo 5 puntos. 0.25 puntos por cada actividade.



CONCELLO DE TEO

2 Polo alumnado participante nas actividades de carácter permanente. Máximo 10 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 10 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por todas as actividades.

Ata 15 alumnos/as: 1 punto

De 16 a 25 alumnos/as: 2 puntos

De 26 a 50 alumnos/as: 3 puntos

De 51 a 75 alumnos/as: 4 puntos

De 76 a 100 alumnos/as: 5 puntos

De 101 a 125 alumnos/as: 6 puntos

De 126 a 150 alumnos/as: 7 puntos

De 151 a 175 alumnos/as: 8 puntos

De 176 a 200 alumnos/as: 9 puntos

Máis de 201 alumnos/as: 10 puntos

As actividades realizadas polo CRA de Teo, terán unha baremación axeitada e proporcional ao número de alumnos destes centros, xa que teñen 1/3 do alumnado dos outros centros, e co fin de evitar un agravio comparativo, terán a seguinte puntuación:

Ata 15 alumnos : 3 puntos.

De 16 a 25 alumnos : 6 puntos.

De 26 a 50 alumnos: 9 puntos.

Máis de 50 alumnos: 10 puntos.

3 Pola participación nas actividades de carácter non permanente. Máximo 5 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 5 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por todas as actividades.

Participación de ata o 25% do alumnado alumnado: 1 punto

Participación de ata o 50% do alumnado: 2 puntos

Participación de ata o 75% do alumnado: 3 puntos

Participación do total do alumnado: 4 puntos

Participación de parte do alumnado e as súas familias: 4 puntos

Participación de todo o alumnado e as súas familias: 5 puntos



CONCELLO DE TEO

4 Pola calidade do proxecto. Máximo 5 puntos

Pola repercusión das actividades na comunidade: implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: ata 1 punto

Pola orixinalidade do proxecto no sentido de que supoña unha actividade innovadora: ata 1 punto

Por actividades relacionadas con temas transversais (educación para a paz, para a saúde, educación cívica, educación viaria, educación ambiental, interculturalidade, coeducación...): ata 1 punto

Por actividades de promoción da cultura galega: ata 1 punto

Por actividades de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural do concello ou do seu contorno: ata 1 punto

Por actividades que impliquen o uso das tecnoloxías: ata 1 punto

Por actividades de integración do alumnado con discapacidades e neurodiversidade: ata 1 punto

Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido: ata 1 punto

Por actividades de animación cultural e animación no tempo libre: ata 1 punto

5 Polos gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias. Máximo 5 puntos.

Por gastos de conservación da instalación: 1 punto.

Por gastos de luz, auga e calefacción, telefonía (ANPA): 1 punto.

Por gastos de material educativo e administrativo: 2 puntos.

Por gastos de aluguer de locais: 1 punto.

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do Concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIONES



CONCELLO DE TEO

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Educación nos prazos indicados no punto 4º das presentes bases.

Os funcionarios designados polo Concello de Teo serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra, de ser o caso.
- A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, levarase a cabo por unha comisión de valoración constituída pola concelleira delegada de Educación, que a presidirá, o concelleiro delegado de Servizos Sociais, o Normalizador lingüístico, e a Auxiliar Administrativa do departamento de Cultura, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Valoración.
- Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

Tal e como especifica a *Ordenanza para o impulso social da lingua galega no municipio de Teo*, para que o Concello de Teo colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos,



CONCELLO DE TEO

espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/ as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a Facturas relacionadas coa actividade subvencionada (no curso 2024/2025) e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de “pagada”, asinada e indicando o nome e o DNI, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

Só se admitirán recibos ou tickets nos casos regulados no artigo 4 do Regulamento de Facturación, RD 1619/2012, de 30 de novembro.

a Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

b Declaración doutras axudas e/ou subvencións recibidas, con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

c Memoria cuantificada das actividades realizadas, que deberán corresponder ao curso 2024/2025, indicando os gastos e ingresos de cada actividade.

d .-Declaración responsable do solicitante de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente. De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

As subvencións xustificaranse antes do 20/11/2025. No caso de que resulte necesario subsanar a documentación xustificativa, a Auxiliar do departamento de Cultura efectuará o correspondente requirimento, concedendo un prazo de 3 días naturais para subsanar. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, entenderase que a entidade renuncia ao seu dereito a cobrar a subvención.

Non serán gastos subvencionables:



CONCELLO DE TEO

- Os xuros debedores de contas bancarias,
- Os xuros, recargas e sancións administrativas,
- Os gastos de procedementos xudiciais,

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e), e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O órgano instructor poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases

Teo, asinado na data da sinatura dixital

María Vázquez Rey

Concelleira de Educación, Igualdade, Muller e Diversidade.

ANEXO I **MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN ÁS** **ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO SEN ÁNIMO DE** **LUCRO DO CONCELLO DE TEO**



CONCELLO DE TEO

ANO 2025

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE (Nome completo e siglas):.....

ENDEREZO SOCIAL:.....

LOCALIDADE:.....

CIF:.....

TELÉFONOS DA ENTIDADE:.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO:.....

REPRESENTANTE DA ENTIDADE (nome e apelidos):

DNI:.....

CARGO QUE OCUPA:.....

TELÉFONO DE CONTACTO:.....

CENTROS EDUCATIVOS: NÚMERO DE ALUMNOS/AS:.....

ANPAS: NÚMERO DE FAMILIAS ASOCIADAS:

FINS SOCIAIS DA ENTIDADE:

.....

IMPORTE ORZAMENTO ANO 2025:.....

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos):

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Teo, a.....de 2025

O/ A representante da entidade



CONCELLO DE TEO

ANEXO 2

ACTIVIDADES DE CARÁCTER PERMANENTE	Nº. DE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES. ANPAS: ESPECIFICAR SE SON DE CARÁCTER GRATUÍTO
ACTIVIDADES DE CARÁCTER NON PERMANENTE	Nº. DE PARTICIPANTES ALUMNADO. PARTICIPACIÓN FAMILIAS (SI/NON)

Declaro que:

- Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvencions.



CONCELLO DE TEO

- Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

- Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo,de.....de 2025

O/A representante da entidade

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 14/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE XULLO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas do día 21 de xullo de 2025 reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Vázquez Rey

Non asiste, previa escusa: D.^a María Margarita Rosende Domínguez e D. Ángel Barreiro Rodríguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a M^a Elena Sueiro Fernández que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 2.- TOMA DE COÑECIMENTO DA INSCRICIÓNS NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓNS DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.
- 3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO
- 4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE TEO

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN EXPEDIENTE 45/2024 -2022/U022/000009

A MARTÍN SAYÁN OTERO, para a solicitude de modificación de licenza municipal, para proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 70, parroquia de Calo, R.C.: 15083A514015680000LB, segundo proxecto redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela.

Variase a situación da vivenda dentro da parcela e a superficie de cesión (83,00 m²).

Expediente núm: **45/2024 -2022/U022/000009**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, proxecto básico e de execución, e as súas modificacións, visado no colexio oficial de arquitectos coas datas 28.09.2021, 18.05.2022, 07.10.2024 e 05.06.2025.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.



CONCELLO DE TEO

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo sr. Sayáns, dunha superficie de 83,00 m².

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobranceiros, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as



CONCELLO DE TEO

belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Rosa María Facal Varela

-Arquitecto/a técnico/a director/a: José Manuel Vázquez Martínez

-Coordinador/a de seguridade e saúde: José Manuel Vázquez Martínez

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 870,00 m²

Fronte mínima: 21,55 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,30 m²/ m²

Altura máxima: B+1, 6,26 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 19,21 %

Recuamento á aliñación: 14,36 m.

Recuamento a lindeiros: 9,45 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Tella

Pendente máxima de cuberta: 20°

Altura do cumio: 1,88 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Si

Prazas de aparcamento: 2 prazas

A) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA URBANÍSTICA 79/2011 -MARÍA BOQUETE VIDAL e ÁNGEL SIXTO SANTOS

1.2. Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 7 de xullo de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE TEO

Visto o expediente 70/2011 de concesión de licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Penelas, 50, parroquia de Cacheiras, e resultando do mesmo que a licenza foi concedida a María Boquete Vidal e Ángel Sixto Santos, pola Xunta de Goberno Local en sesión do 2 de maio de 2011, notificándose á persoa interesada o acordo de concesión o 16 de maio de 2011.

Considerando que de acordo co artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo, o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a caducidade será declarada pola administración logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

Visto que segundo o informe da arquitecta técnica municipal, de data 7 de maio de 2025, as obras non foron iniciadas.

Considerando que na expresada licenza de edificación fixéronse, de acordo coa normativa aplicable, os prazos de iniciación e finalización das obras, nos termos seguintes: un ano para comezar, e tres anos para rematar; sendo seis meses o prazo máximo de interrupción.

Considerando que se produciu un incumprimento no prazo de finalización, a pesares de que ao promotor lle fora concedida prórroga do mesmo, e sen que conste a existencia de causa non imputable ao interesado que xustifique o citado incumprimento.

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de data 7 de maio de 2025 (Res 547/2025), iniciouse expediente declarativo da extinción do dereito a edificar, con caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, no Lugar de Penelas, nº 50, parroquia de Cacheiras, referencia catastral núm. 15083B503001500001DB, do expediente 70/2021, por incumprimento dos prazos establecidos na mesma e concedendo un prazo de vista do expediente e audiencia de dez días de acordo co disposto o art. 82 da Lei 39/2015.

Considerando que, de acordo coa normativa vixente, os titulares dos terreos teñen que cumprir, entre outros, os deberes de edificar os solares nos prazos fixados na preceptiva licenza de edificación.

Considerando que unha vez caducada a licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Vistos os preceptos indicados e demais normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Penelas, 50, parroquia de Cacheiras, referencia catastral núm. 15083B503001500001DB, do expediente 70/2011, do que son promotores María Boquete Vidal e Ángel Sixto Santos, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de maio de 2011, por incumprimento dos prazos establecidos na mesma.*

Segundo.- *Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes."*



CONCELLO DE TEO

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade da licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Penelas, 50, parroquia de Cacheiras, referencia catastral núm. 15083B503001500001DB, do expediente 70/2011, do que son promotores María Boquete Vidal e Ángel Sixto Santos, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de maio de 2011, por incumprimento dos prazos establecidos na mesma.

Segundo.- Notificar a presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

2.1. LICENZA 23/2024 -2024/U018/000003 (Cesión 10/2024)

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Marcial Mejuto Cortizo, en data 15 de xullo de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002267, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de outubro de 2024.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de abril de 2024, a Marcial Mejuto Cortizo e Outros, para agrupación segregación (catro resultantes) das parcelas situadas en Tras do Eixo, parroquia de Cacheiras, Rs.Cs.: 15083B503002040000SB - 000901900NH34B0001YI, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 254,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado en Tras do Eixo, parroquia de Cacheiras, dunha superficie de dous centos cincuenta e catro metros cadrados. Inscrición: 1, Data: 8 de xullo de 2025. Finca: 38191. Código Rexistral Único: 15013001144590.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte nove de agosto de 2024, do notario José Manuel Amigo Vázquez, na que se recolle a cesión, facendo



CONCELLO DE TEO

constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de abril de 2024, expte. 23/2024 -2024/U018/000003.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de abril de 2024, a Marcial Mejuto Cortizo e Outros, para agrupación segregación (catro resultantes) das parcelas situadas en Tras do Eixo, parroquia de Cacheiras, Rs.Cs.: 15083B503002040000SB - 000901900NH34B0001YI, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos, expte. 23/2024 -2024/U018/000003.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.2. LICENZA 36/2024 -2021/U018/000002 (Cesión 8/2025)

Escrito presentado por Teresa de Jesús Molino Pizarro, en representación de VEIGA DE GRIYO S.L., en data 17 de xullo de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002294, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de xullo de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de xullo de 2024, a Teresa de Jesús Molino Pizarro, en representación de DOLMEN ASERORES INMOBILIARIOS S.L., para segregación (catro resultantes) dunha finca situada en Ribeira, 46, parroquia de Cacheiras, R.C.: 001302800NH34B0001LI, segundo proxecto redactado polo técnico Javier Amenedo Ansele, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 128,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado en Ribeira, parroquia de Cacheiras, dunha superficie de cento vinte oito metros cadrados. Inscrición: 2, Data: 17 de xullo de 2025. Finca: 38214. Código Rexistral Único: 15013001145528.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte oito de outubro de 2024, do notario Calos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión,



CONCELLO DE TEO

facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de xullo de 2024, expte. 36/2024 -2021/U018/000002.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de xullo de 2024, a Teresa de Jesús Molino Pizarro, en representación de DOLMEN ASERORES INMOBILIARIOS S.L., para segregación (catro resultantes) dunha finca situada en Ribeira, 46, parroquia de Cacheiras, R.C.: 001302800NH34B0001LI, segundo proxecto redactado polo técnico Javier Amenedo Ansede, expte. 36/2024 -2021/U018/000002.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

3.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900000808 do 20/03/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 15 de xullo de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 20 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000808), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de infraestrutura eléctrica, consistente no desprazamento e reforzo do tendido aéreo motivado polas obras de prolongación da autovía AG-59, no lugar de Pite, Olveira, Xermeade e Vilar (SGD18524050155).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalacións de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).



CONCELLO DE TEO

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900002235 de 12/07/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000017, para executar unha obra de infraestrutura eléctrica, consistente no desprazamento e reforzo do tendido aéreo motivado polas obras de prolongación da autovía AG-59, no lugar de Pite, Oliveira, Xermeade e Vilar (SGD18524050155), de acordo co solicitado en data 20 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000808).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000017, para executar unha obra de infraestrutura eléctrica, consistente no desprazamento e reforzo do tendido aéreo motivado polas obras de prolongación da autovía AG-59, no lugar de Pite, Oliveira, Xermeade e Vilar (SGD18524050155), de acordo co solicitado en data 20 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000808).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

3.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900000621 do 05/03/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 15 de xullo de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE TEO

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 5 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000621), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Solláns, 34-A, Calo (SGD618524060132).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (3.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900002234 de 11/07/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000010, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Solláns, 34-A, Calo (SGD618524060132), de acordo co solicitado en data 5 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000621).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte.



CONCELLO DE TEO

2025/V011/000010, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Solláns, 34-A, Calo (SGD618524060132), de acordo co solicitado en data 5 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000621).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e sete minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal

A alcaldesa

M^a. Elena Sueiro Fernández

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 15/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 4 DE AGOSTO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas do día 4 de agosto de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

Non asiste, previa escusa: D. Ángel Barreiro Rodríguez e D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal: D.^a M^a Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 07/04/25, 21/04/25, 05/05/25, 19/05/25 E 02/06/25**
- 2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 3.- **TOMA DE COÑECAMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 12/2025 – 2024/U022/000031**
- 4.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
- 5.- **CANCELACIÓN DE GARANTÍA MARÍA ESTHER PÉREZ VEIGA**



CONCELLO DE TEO

- 6.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2025**
- 7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 07/04/25, 21/04/25, 05/05/25, 19/05/25 E 02/06/25

Acta da sesión ordinaria do 7 de abril de 2025

A sra. alcaldesa preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de abril de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 21 de abril de 2025

A sra. alcaldesa preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de abril de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 5 de maio de 2025

A sra. alcaldesa preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 5 de maio de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 19 de maio de 2025

A sra. alcaldesa preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19 de maio de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.



CONCELLO DE TEO

Acta da sesión ordinaria do 2 de xuño de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 2 de xuño de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Faise constar que, entrados neste punto, non hai ningún asunto que tratar, tratándose a inclusión deste punto na orde do día da Xunta de Goberno Local, dun erro á hora de confeccionala.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 12/2025 – 2024/U022/000031

Escrito presentado por María Cruz Paz Costoya, en data 22 de xullo de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202500000003067, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xuño de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de abril de 2025, a María de la Cruz Paz Costoya, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cepeda, 45, parroquia de Oza, R.C.: 15083A132000850001YZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto José María Lorenzo Fernández, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 84,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado en O Piro, parroquia de Oza, dunha superficie de oitenta e catro metros cadrados. Inscrición: 3, Data: 14 de xullo de 2025. Finca: 38145. Código Rexistral Único: 15013001142466.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data cinco de abril de 2024, rectificada pola escritura pública de data dezanove de maio de 2025, ambas do notario José Manuel Amigo Vázquez, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de abril de 2025, expte. 12/2025 -2024/U022/000031.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de abril de 2025, a María de la Cruz Paz Costoya, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Cepeda, 45, parroquia de Oza, R.C.: 15083A132000850001YZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto José María Lorenzo Fernández, expte. 12/2025 -2024/U022/000031.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900000636 do 06/03/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 22 de xullo de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 6 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000636), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico para uso agrícola, en Carballal, 20, Calo (SGD618524080005).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.



CONCELLO DE TEO

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900002316 de 18/07/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000009, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico para uso agrícola, en Carballal, 20, Calo (SGD618524080005), de acordo co solicitado en data 6 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000636).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000009, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico para uso agrícola, en Carballal, 20, Calo (SGD618524080005), de acordo co solicitado en data 6 de marzo de 2025 (rex. entrada nº 202599900000636).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.- CANCELACIÓN DE GARANTÍA MARÍA ESTHER PÉREZ VEIGA

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 30 de xullo de 2025.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



CONCELLO DE TEO

Vista a instancia presentada en data 11/01/2024 por D.^a MARIA ESTHER PEREZ VEIGA de devolución de garantía para obras de pavimentación na beirarrua para acceso a garaxe na rua Cascalleira nº6 Balcaide Calo .

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 30/07/2025, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por MARIA ESTHER PEREZ VEIGA para obra referida anteriormente, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 30 de xullo de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz “

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por MARIA ESTHER PEREZ VEIGA para obra referida anteriormente, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.



CONCELLO DE TEO

6.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES ÁS ASOCIACIONES DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2025

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 28 de xullo de 2025.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de formento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de ámbito veciñal e do benestar, para 2025.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 28/07/2025.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de ámbito veciñal e do benestar, para 2025, que se reflicten de seguido:

(...)

Segundo.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades de ámbito veciñal e do benestar, para 2025, que se reflicten de seguido:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS AS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2025

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións veciñais e de benestar durante ano 2025, con cargo á partida 924/480.00 do Orzamento de 2025, por un importe total de 15.000 euros.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación e o fomento de actividades que melloren e contribúan na participación comunitaria de todos os veciños e veciñas do concello de Teo.

2ª.- BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarias ás asociacións veciñais e de benestar, con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aqueles que fomenten a participación cidadá como medio de mellora da calidade de vida e das relacións veciñais e que se potencie o desenvolvemento das persoas, das aldeas e das parroquias do Concello de Teo mediante actividades de carácter lúdico, social, cultural ou tempo libre, así como as actividades que potencien o benestar social dos veciños. So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

- 1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os/as veciños/as con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Teo.
- 2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Teo.



CONCELLO DE TEO

- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
 - Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Teo por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.
 - Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Teo, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
 - Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.
- 3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes obrigas:
- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.
 - Comunicar o inicio ou celebración das actividades subvencionadas con anterioridade a súa celebración, así como acreditar diante do Concello de Teo a realización da actividade na correspondente memoria.
 - Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.
 - Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Teo.
 - Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
 - Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Teo.



CONCELLO DE TEO

- Comunicarlle ó Concello de Teo a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes actividades realizadas dentro do territorio do concello de Teo realizadas entre o periodo 01/11/2024 a 01/11/2025:

- De tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobio, etc.
- De ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.
- De tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, conferencias, coloquios, etc.
- De actividades de interese patrimonial, medio ambiental ou de rutas.
- Celebracións tradicionais como magostos, cacharelas, entroido, etc.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos, nin de sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4ª.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- 1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Teo, que irá acompañada dos seguintes documentos:
 - a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades programadas e as prazas para cada unha.
 - b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.
 - e) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos. No caso de non tela depositado con anterioridade ou de ter cambiado.



CONCELLO DE TEO

- f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Esta declaración esta incluída no anexo I.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

- 2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes deberán conter unha ficha para a entidade (anexo I) e unha ficha de cada actividade para a que solicita subvención. Esta ficha terá os datos completos da actividade e os datos de financiamento da mesma (anexo II). Cada entidade deberá indicar para que concepto se pide a axuda.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede ***www.teo.gal*** no apartado de ***subvencións, axudas e premios***.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

5ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 60% do orzamento da entidade ou asociación para as actividades obxecto da solicitude. Cada entidade indicara o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.



CONCELLO DE TEO

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

Ningunha entidade poderá obter unha subvención superior ao 30% da contía global.

6ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concellería delegada de Servizo Sociais e Relacións Veciñais nos prazos indicados nas presentes Bases.

A Concellería delegada de Relacións Veciñais será o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: o concelleiro de Relacións Veciñais.
- O administrativo do Departamento de Servizo Sociais.
- Concelleira de Cultura.

A comisión será a encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. O técnico da comision encargarse asimismo de requirir a subsanación na conta xustificativa, concedendo un prazo de 3 días naturais para subsanar. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpre de ser o caso.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa

7ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES



CONCELLO DE TEO

Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrência competitiva, os seguintes:

- Valoración da actividade en Xeral da Entidade

CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE	ATA 35 PUNTOS
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Teo)	Ata 10 puntos
Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Teo	Ata 10 puntos
Pola primeira actividade	10 puntos
Pola segunda actividade	5 puntos

CRITERIOS TRANSVERSAIS	ATA 60 PUNTOS
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás para o desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Actividades comunitarias para celebrar festas tradicionais	Ata 10 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social	Ata 10 puntos
Déficit de actividades análogas no territorio de influencia	Ate 10 puntos
Colectivos ao que se dirixe a actividade (xuventude, muller, terceira idade) Estas actividades deberán ter como destinatarios específicos estes colectivos.	Ata 10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade	Ata 5 puntos
Grao de innovación da actividade	Ate 10 puntos

8ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionadas de acordo do punto 2 desta convocatoria.

9ª.- COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.



CONCELLO DE TEO

10ª.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 10/11/2025.

A **xustificación dos gastos** conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, **debera incluír:**

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).
Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente na factura orixinal se inclúa a seguinte dilixencia asinada polo responsable da entidade veciñal: “ESTA FACTURA FOI PRESENTADA COMO XUSTIFICACIÓN DE GASTO SUBVENCIONABLE NO CONCELLO DE TEO”.
- Xustificantes do pagamento das facturas:
 - No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.
 - Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.
- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €, de acordo co establecido na base 4.

Sobre a execución das actividades subvencionadas deberá achegarse:

- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados coa actividade subvencionada: anexo III.
- Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acredor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do RD 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.



CONCELLO DE TEO

- Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade anexo IV.
- Datos xerais dos ingresos da entidade segundo anexo V.
- Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas. Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarse o cambio.

Admitiranse como **gastos subvencionables** os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarse copia de materiais)
2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.
3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.
4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

As subvencións xustificaranse antes do 10/11/2025. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 20/11/2025. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma. **A non presentación da conta xustificativa dentro do exercicio 2025 dará lugar á perda da subvención.**

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

11ª.- CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR



CONCELLO DE TEO

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

12ª.-RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

13ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2025 a seguinte lenda “co apoio do concello de Teo”, seguido do escudo oficial do mesmo.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

Concelleiro de Relacións Veciñais
Juan Jesús Cerqueiro Pintos



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2025
ANEXO I – SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	NIF
DATOS DA CONTA BANCARIA	
TITULAR DA CONTA	
NÚMERO DE CONTA (con IBAN – 24 díxitos)	
DECLARACIÓN XURADA	
Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento: 1) Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións. 2) Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria. 3) Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social. 4) Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 5) Que SI NON (marcar o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____ € 6) A entidade á que represento non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Teo, _____ de _____ de 20 _____ A persoa representante da entidade Asdo.	

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2025
ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	NIF
NÚMERO DAS PERSOAS SOCIAIS E CENSADAS EN TEO (achegar listaxe tamén):	



CONCELLO DE TEO

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____
ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____



CONCELLO DE TEO

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____
ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____



CONCELLO DE TEO

ANEXO II – MEMORIA DAS ACTIVIDADES (continuación)

ACTIVIDADE
NOME DO PROXECTO
DESCRICIÓN (no caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO: Gastos: _____ Ingresos previstos: _____ Contía solicitada: _____
Teo, _____ de _____ de 20_____ A persoa representante da entidade Asdo.

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2025

ANEXO III – XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS				
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)			CIF	
NOME DA ACTIVIDADE				
TIPO DE ACTIVIDADE. Breve descrición (indicar o número de persoas participantes)	Data	Ingresos	Gastos	Subvención
Teo, _____ de _____ de 20____ A/O tesoureira/o Asdo.: Asdo.:				

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2025
ANEXO IV – XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN
(Unha por actividade)

XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DE ACTIVIDADE					
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)					CIF
NOME DA ACTIVIDADE					
Provedor	Nº factura	Data factura	Concepto	Data pagamento	Importe

Teo, _____ de _____ de 20____

A/O presidenta/e

A/O tesoureira/o

Asdo.:

Asdo.:

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TEO

CONCELLO DE TEO
SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS E DE BENESTAR - ANO 2025
ANEXO V

XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS DE ENTIDADE		
NOME DA ENTIDADE (Nome completo e/ou abreviatura)		CIF
NOME DA ACTIVIDADE		
CONCEPTO	PROCEDENCIA	€
Achea das persoas socias	Por cotas	€
Subvencións do Concello de Teo	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
Subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
Outros ingresos (de ser o caso)	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
IMPORTE TOTAL		€
Teo, _____ de _____ de 20____		
A/O presidenta/e		A/O tesoureira/o
Asdo.:		Asdo.:

ALCALDESA DO CONCELLO DE TEO



CONCELLO DE TEO

Taboleiro de Edictos do Concello.
Teo, asinado na data da sinatura dixital
A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal

A alcaldesa

M^a. Elena Sueiro Fernández

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 16/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 18 de agosto de 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 18 de agosto de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa:

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 16/06/2025, DO 07/07/2025 E DO 21/07/2025**
- 2.- **LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 3.- **ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.**
- 4.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO.**



CONCELLO DE TEO

5.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 16/06/2025, DO 07/07/2025 E DO 21/07/2025

Acta da sesión ordinaria do 16 de xuño de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 16 de xuño de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 7 de xullo de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 7 de xullo de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 21 de xullo de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21 de xullo de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A MARCELINO VARELA MARTÍNEZ e ANA BELÉN MARROZOS VIGO, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, peches de parcela e piscina, en Rúa Bidueiro, 42,



CONCELLO DE TEO

Os Tilos, R.C.: 8434805NH3483S0001XQ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: **37/2025 -2024/U022/000033**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico e de execución, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no colexio oficial de arquitectos en data 08.10.2024.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo



CONCELLO DE TEO

certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-6, Actuacións residenciais unitarias consolidadas

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 1.060,00 m²

Fronte mínima: 42,41 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,25 m²/ m²

Altura máxima: B+1, 6,00 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 17,26 %

Recuamento á aliñación: 5,00 m.

Recuamento a lindeiros: 3,00 m.



CONCELLO DE TEO

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Integrada no entorno

Pendente máxima de cuberta: 1º

Altura do cumio: 0,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto vivenda e piscina: 366.460,50 €.

-Presuposto cerre: 2.499,00 €.

-Presuposto total: 368.959,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 7.379,19 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 160,50 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 7.659,69 euros.

2.2. A EVA OTERO PORTOMEÑE, licenza para segregación e posterior agregación (dúas resultantes) das fincas 760 e 761 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, Rs.Cs.: 15083B503007600000SF - 15083B503007610000SM, situadas en Casaldomiro, parroquia de Recesende, segundo proxecto redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.

Expediente núm: **38/2025 -2025/U018/000004**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo coa documentación presentada o 24 de xuño de 2025 (rex. entrada núm. 202599900002017) redactada polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m ²	624,00 m ²	1.040,00 m ²	79,00 m ²
Fronte mínima	14 m	22,37 m	56,02 m	

Segundo

documentación presentada, a superficie de cesión ascende a 79,00 m².

a

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:



CONCELLO DE TEO

- Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.3. A ANDRÉS NEIRA REDONDAS, licenza para segregación (dúas resultantes) dunha finca situada en Cantoña, 26, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501003620000KO, segundo proxecto redactado polo técnico Jesús García Cancela.

Expediente núm: **39/2025 -2025/U018/000005**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo coa documentación presentada o 10 de xullo de 2025 e 29 de xullo de 2025 (rex. entrada, respectivamente, núms. 202500000002942 e 202500000003160) redactada polo técnico Jesús García Cancela.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m ²	1.105,00 m ²	1.814,00 m ²	130,00 m ²
Fronte mínima	14 m	14,02 m	23,26 m	

Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 130,00 metros cadrados, asinado polo interesado.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO

3.1. LICENZA 21/2025 -2024/U022/000034 (Cesión 9/2025)

Escrito presentado por Borja Rodiño Tomé, en representación de Manuel Gelabert González, en data 28 de xullo de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002409, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 21/2025 -2024/U022/000034, xuntando escritura pública de data vinte cinco de xuño de 2025, do notario Marcelino Estévez Fernández, na que se recolle a cesión.



CONCELLO DE TEO

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de maio de 2025, a Manuel Gelabert González, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en A Ribeira, 81, parroquia de Reis, R.C.: 15083A509001740001LL, segundo proxecto redactado polo arquitecto Borja Rodiño Tomé, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 71,83 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de vinte cinco de xuño de 2025, do notario Marcelino Estévez Fernández, dunha superficie de 71,83 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 21/2025 -2024/U022/000034.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de maio de 2025 (Lic. 21/2025 -2024/U022/000034).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.2. LICENZA 7/2025 -2024/U018/000013 (Cesión 10/2025)

Escrito presentado por María del Mar Midón Martínez, en data 8 de agosto de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202500000003270, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 7/2025 -2024/U018/000013, xuntando escritura pública de data once de abril de 2025, do notario Marcelino Estévez Fernández, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de febreiro de 2025, a María del Mar Midón Martínez, para segregación (tres resultantes) dunha finca situada en Fontenlo, parroquia de Teo, R.C.: 15083A506005980000KD, segundo proxecto redactado polo técnico Simón Peña Villasenín, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 253,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.



CONCELLO DE TEO

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de once de abril de 2025, do notario Marcelino Estévez Fernández, dunha superficie de 253,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 7/2025 -2024/U018/000013.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de febreiro de 2025 (Lic. 7/2025 -2024/U018/000013).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 37/2020 -2019/U022/000021 (Cesión 16/2020)

Escrito presentado por Jesús Pena Noya, en representación de Nuria Boga Míguez, en data 25 de xuño de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002039, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de outubro de 2020.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, a Nuria Boga Míguez e Marcos Rodríguez García, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Texexe, nº 145, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508050910000SI, (Expte. electrónico 2019/U022/000021), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban na escritura de cesión presentada pola promotora.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 47,38 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado en Texexe, parroquia de Calo, dunha superficie de corenta e sete con trinta e oito metros cadrados. Inscrición: 1ª, Tomo: 983, Libro: 385, Folio: 25, Data: 30 de setembro de 2022. Finca: 37806. Código Rexistral Único: 15013001134768.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data trece de setembro de 2019 (cesión 31,58 m²) e escritura pública de data nove de xuño de 2020 (cesión 15,80 m²) ambas do



CONCELLO DE TEO

notario Manuel María Romero Neira, nas que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, expte. 37/2020 -2019/U022/000021.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, a Nuria Boga Míguez e Marcos Rodríguez García, para obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en Texexe, nº 145, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508050910000SI, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús Pena Noya, expte. 37/2020 -2019/U022/000021.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

5.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900000919 do 01/04/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 7 de agosto de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 1 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202599900000919), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a un parque público situado en A Igrexa, 12, Luou (SGD18524100202).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.



CONCELLO DE TEO

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (600,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900002496 de 06/08/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000013, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a un parque público situado en A Igrexa, 12, Luou (SGD18524100202), de acordo co solicitado en data 1 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202599900000919).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000013, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a un parque público situado en A Igrexa, 12, Luou (SGD18524100202), de acordo co solicitado en data 1 de abril de 2025 (rex. entrada nº 202599900000919).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

5.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900002256 do 15/07/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 8 de agosto de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 15 de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002256), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Cacheiras, 13 (SGD618525050072).



CONCELLO DE TEO

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalacións de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900002507 de 07/08/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000023, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Cacheiras, 13 (SGD618525050072), de acordo co solicitado en data 15 de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002256).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000023, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Cacheiras, 13 (SGD618525050072), de acordo co solicitado en data 15 de xullo de 2025 (rex. entrada nº 202599900002256).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.



CONCELLO DE TEO

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 17/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 1 DE SETEMBRO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos do día 1 de setembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. Rogelio Lema Mougán e D. José Manuel Guerra Calvelo

Secretaria acctal: D.^a M^a Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 04/08/2025**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE “SAÍDA CULTURAL A ASTURIAS”**
- 3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 4.- ROGOS E PREGUNTAS.**



CONCELLO DE TEO

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 04/08/2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 4 de agosto de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.-DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE “SAÍDA CULTURAL A ASTURIAS”

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 20 de agosto de 2025 que se recolle a continuación:

**“ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO
PARA A ACTIVIDADE SAÍDA CULTURAL Á ASTURIAS.**

EXPEDIENTE: 2025/X999/000505

ANTECEDENTES

Dende o Departamento de Servizos sociais do Concello Teo prevese organizar unha visita cultural e de lecer os días 4 e 5 de outubro de 2025 con destino á Asturias con paradas en Cudillero, Xixón, Luarca e pernocta en Oviedo.

O programa inclúe, para un mínimo de 25 e un máximo de 110 prazas, o desprazamento en autocar, de ida e volta, aloxamento e as comidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente actividade forma parte do Programa de Envellecemento Activo que está conformado por un conxunto de actividades de lecer para dinamizar ás persoas maiores e favorecer tanto as súas capacidades cognitivas e físicas como promover as relacións sociais que eviten situacións de soidade e illamento propias da vellez e non desexadas. En concreto, a programación de visitas e saídas culturais, busca proporcionar oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos.



CONCELLO DE TEO

Por todo o exposto anteriormente, e afectos de financiar a presente actividade propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación do prezo público que se aplicará na devandita actividade, todo elo conforme aos artigos 41 a 47 e 127 de Real Decreto Lexislativos 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Facendas Locais, e de acordo ao disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.(Texto refundido publicado no BOP nº 127 de 3 de xullo de 2024)

ESTUDO ECONÓMICO

O Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, con respecto o prezo público establece que os concellos poderán establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal. O importe dos prezos públicos será como mínimo o custo do servizo pola prestación do servizo ou da actividade practicada. Sinala así mesmo que, excepcionalmente e por motivos sociais, benéficos, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente. Neste mesmo sentido postulase a Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo.

Consta memoria asinada da Concelleiro de Servizos sociais, Familia, Infancia, 3ª idade e Relacións veciñais e da Coordinadora de Servizos sociais Municipais con data 8 de agosto de 2025 onde se propón a determinación do prezo público. Neste informe analízase o custo e rendemento do servizo e xustifícase a fixación de prezos inferiores ao custe por tratarse dunha actividade que vai dirixida á poboación maior, dentro da procura do obxectivo de facilitar un lecer saudable e socializador que proporciona oportunidades de coñecemento doutros lugares ao conxunto deste grupo poboacional, independentemente dos seus recursos económicos, incidindo simultaneamente no obxectivo global de evitar o illamento e a soidade non desexada

Na memoria propónse o establecemento dos seguintes prezos públicos diferenciando segundo o tipo de habitación utilizada:

- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” en habitación dobre: 165 €/persoa.
- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” en habitación individual: 225 €/persoa.
- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” suplemento habitación triple: 155 €.



CONCELLO DE TEO

Queda constancia no expediente de que existe no orzamento dotación de crédito para a cobertura da diferenza entre o custo do servizo e os ingresos que se prevén obter polo prezo público (nº de operación RC 220250013331).

PROPOSTA

Polo exposto anteriormente e a vista do disposto na Ordenanza reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas do Concello de Teo, vista a memoria económica e os informes de Tesourería de data 18 de agosto de 2025 e Intervención de data 20 de agosto de 2025 , tendo en conta ademais que a actividade por motivos sociais e culturais é de interese público PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento dos seguintes prezos públicos “Saída cultural a Asturias”:

- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” en habitación dobre: 165 €/persoa.
- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” en habitación individual: 225 €/persoa.
- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” suplemento habitación triple: 155 €.

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

En Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa “

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento dos seguintes prezos públicos “Saída cultural a Asturias”:



CONCELLO DE TEO

- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” en habitación dobre: 165 €/persoa.

- Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” en habitación individual: 225 €/persoa.

-Prezo público para a actividade de lecer “ Saída cultural a Asturias” suplemento habitación triple: 155 €.

SEGUNDO.- O nacemento da obriga do prezo público xurde desde que se inicia a prestación da actividade. Sen embargo, o concello, de conformidade ca habilitación prevista no artigo 46 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito previo do seu importe total.

TERCEIRO.- Procederase á publicación dun anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP como no taboleiro de edictos do concello. O anuncio permanecerá exposto ata que actividade teña rematado.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e sete minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acctal

Firmado por MARÍA
ELENA SUEIRO
FERNÁNDEZ -
M^a Elena Sueiro Fernández

A alcaldesa

**LUCIA CALVO
DE LA UZ -
44427203N**

Firmado

digitalmente por
LUCIA CALVO DE LA
UZ - 44427203N
Fecha: 2025.09.19
12:28:13 +02'00'



CONCELLO DE TEO

ACTA 18/25
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- 15 DE SETEMBRO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as trece horas e doce minutos do día 15 de setembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo e D. Ángel Barreiro Rodríguez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 2.- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO
- 3.- DEVOLUCION AVAL MINIÑO GARCIA S.L.
- 4.- DEVOLUCIÓN INGRESOS ASOCIADOS A EXPEDIENTE 2024/U022/000024 DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 1/2025. JUAN CARLOS GONZÁLEZ BOUZAS.
- 5.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS E DEPORTISTAS FEDERADOS 2025
- 6.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA PARA DEPORTISTAS GALEGO-TEENSES DE ALTO NIVEL 2025
- 7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE TEO

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A OSCAR BOTANA MONTES, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Osebe, 93-B, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508017360000ST, segundo proxecto redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais.

Expediente núm: **40/2025 -2024/U022/000038**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, modificado do proxecto básico, redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite



CONCELLO DE TEO

non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobranceiros, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.



CONCELLO DE TEO

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, Núcleo rural tradicional

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Pablo Castro Pais

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Pablo Castro Pais

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Castro Pais

-Condições da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 356,66 m²

Fronte mínima: 24,19 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,40 m²/ m²

Altura máxima: B+1, 4,85 m.



CONCELLO DE TEO

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 36,61 %

Recuamento á aliñación: Aliñación oficial

Recuamento a lindeiros: 3,00 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Tella

Pendente máxima de cuberta: 26°

Altura do cumio: 2,90 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Si

Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.

-Presuposto: 185.393,67 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.707,87 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 3.887,87 euros.

1.2. A DAVID EIJO NOGUEIRA e STEPHANIE LE FUR, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, piscina e peche, en Os Verxeles, 84, parroquia de Oza, R.C.: 7791805NH3379S0001LW, segundo proxecto redactado polo arquitecto Santiago González García e outros.

Expediente núm: **41/2025 -2025/U022/000019**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, modificado do proxecto básico, redactado polo arquitecto Santiago González García e outros, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.



CONCELLO DE TEO

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais



CONCELLO DE TEO

sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-6, Actuacións residenciais unitarias consolidadas

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Santiago González García e outros

-Arquitecto/a técnico/a director/a: David Eijo Nogueira

-Coordinador/a de seguridade e saúde: David Eijo Nogueira

-Condicións da parcela:



CONCELLO DE TEO

Superficie mínima parcela neta: 504,31 m²

Fronte mínima:

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,31 m²/ m²

Altura máxima: B+1, 6,22 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 19,99 %

Recuamento á aliñación: >2 m.

Recuamento a lindeiros: 2,00 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Integrada no entorno

Pendente máxima de cuberta: 1º

Altura do cumio: 0,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 440.716,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 8.814,33 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 215,22 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 9.149,55 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA

1.3. Escrito presentado por Tomás Sobrino Moreiras, en data 11 de agosto de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002532, no que solicita prórroga para inicio das obra de construción dunha edificación auxiliar, en Osebe, 57, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508030290000SB, da licenza urbanística con expediente núm. 4/2021 -2020/U022/000030, que fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de febreiro de 2021.

Visto o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal en data 12 de agosto de 2025 e demais documentos obrantes no expediente.



CONCELLO DE TEO

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Conceder a TOMAS SOBRINO MOREIRAS, expte. 2025/U003/000005, a prórroga solicitada para inicio de obra, por un novo prazo non superior a seis meses, en base ao artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA, S.A. (rex. entrada nº 202599900002083 do 27/06/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 26 de agosto de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 27 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202599900002083), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para executar unha obra de acometida para dar subministro de gas natural a unha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 57, Balcaide, Calo, S/R.: ACT250600121896.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).



CONCELLO DE TEO

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900002649 de 25/08/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000020, para executar unha obra de acometida para dar subministro de gas natural a unha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 57, Balcaide, Calo, S/R.: ACT250600121896, de acordo co solicitado en data 27 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202599900002083).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000020, para executar unha obra de acometida para dar subministro de gas natural a unha vivenda unifamiliar, en Rúa Ledín, 57, Balcaide, Calo, S/R.: ACT250600121896, de acordo co solicitado en data 27 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202599900002083).

Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.



CONCELLO DE TEO

3.- DEVOLUCIÓN AVAL MINIÑO GARCIA S.L.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 12 de setembro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 21/03/2025 por D^aGLORIA AGUILAR RODRIGUEZ en representación de MINIÑO GARCIA SL de devolución de garantía para obras de construción de nave para exposición e venda de vehículos en Galanas 23 Calo.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 12/09/2025, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por MINIÑO GARCIA SL para obra referida anteriormente, por importe de **13.958,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 12 de setembro de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituída por MINIÑO GARCIA SL para obra referida anteriormente, por importe de **13.958,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.



CONCELLO DE TEO

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.- DEVOLUCIÓN INGRESOS ASOCIADOS A EXPEDIENTE 2024/U022/000024 DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 1/2025. JUAN CARLOS GONZÁLEZ BOUZAS.

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 19 de agosto de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/T001/000014

ASUNTO: DEVOLUCIÓN INGRESOS ASOCIADOS A EXPEDIENTE 2024/U022/000024 DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 1/2025.

INTERESADO: JUAN CARLOS GONZÁLEZ BOUZAS.

Vista a solicitude presentada por D. Juan Carlos González Bouzas de data 19 de maio de 2025 (nº rex 202599900001878) solicitando a renuncia ao expediente nº 1/2025- 2024/U022/000024

Vista a liquidación nº 2024/0001147 por importe de 1.966 euros en concepto de 1846,00 euros de Imposto sobre construcións, instalacións e obras e 120 euros de cartel de obra e ingreso de data 31 de xaneiro de 2025 a nome de Juan Carlos González Bouzas.

Atendendo ao Informe do aparelador municipal de data 26 de maio de 2025 no que indica, polo que afecta á devolución de ingresos que as obras están sen iniciar é que non se observa inconveniente para a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto o acordo Xunta de Goberno local de 2 de xuño de 2025 tomando coñecemento da renuncia de Juan Carlos González Bouza, licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar, en Rúa Rasoeira 5-B, Casalonga, parroquia de Calo.

Visto o informe do departamento de urbanismo de data 6 de xuño de 2025 determinando que non se encargou e subministrou o cartel da obra.

Visto o informe-proposta de Tesourería de data 18 de agosto de 2025 coa fiscalización favorable da Intervención de data 19 de agosto de 2025, no que propón a estimación da devolución do importe correspondente á imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 4.613,32 euros, a



CONCELLO DE TEO

estimación da devolución do importe correspondente á tarifa de cartel de obra por importe de 120 euros, baseándose entre outros nos seguintes fundamentos xurídicos:

“ICIO

Primeiro.- O art. 100 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que o Imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido o non dita licenza, sempre que a súa expedición lle corresponda o concello da imposición. Nos mesmos termos se regula no artigo 2 da OF reguladora do ICIO.

Por outra banda, o art. 102 do mesmo corpo legal, indica que a base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e entendese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Segundo.- O art. 102.4 do TRLRFL e o artigo 8 da ordenanza fiscal:

“1.-A obriga de contribuír nace no intre de se escomeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que escomece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.-Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.”

Así mesmo debe terse en conta o disposto no artigo 10.6 da Ordenanza fiscal que determina que:

“10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable”

En canto ao feito imponible do ICIO a Sentenza do TS de 14 de setembro de 2005, ditada en recurso de casación en interese de lei, conclúe que no ICIO o feito imponible é a realización de determinadas obras, aquelas para cuxa execución se necesite licenza municipal, pero o feito



CONCELLO DE TEO

impoñible prodúcese independentemente de que a licenza fora ou non solicitada. Nin a solicitude de licenza implica iniciación na realización do feito imoñible nin a concesión de aquela significa a culminación deste. O feito imoñible comeza a realizarse ao iniciarse a execución da obra e termina coa súa completa execución, momento en que a Administración, tras comprobar cal foi o seu custo efectivo, pode virar a liquidación definitiva que proceda (art. 104. 2 LHL), aínda que o art. 103.4 LHL fixe o devengo non neste momento final senón no inicial da data do comezo da construción, instalación ou obra.

Dende a perspectiva da devindicación, continua dicindo a citada sentenza, o verdadeiramente importante, como puxo de relevo a doutrina, é a realización do elemento obxectivo. En efecto, para considerar realizado o feito imoñible nun imposto que grava un resultado real, como é o ICIO , teremos que determinar cando cobra realidade ese elemento material, e este é o único momento que condiciona o nacemento da obriga tributaria. Non importa a extensión temporal do elemento material realizado, xa que en todas elas teremos que acudir á realidade para indagar en que momento se realizou ese substrato material do feito imoñible e en función do mesmo consideralo realizado xuridicamente e, consecuentemente, tamén situar o devengo nese instante.(...).

(...) Atopámonos, en definitiva, cun Imposto cun réxime especial de pagamento e exhibibilidade respecto a outros tributos, pois é un imposto que anticipa de forma obrigatoria unha liquidación provisional ao propio momento do pagamento do tributo, en casos como o presente en que se obtivo a licenza de obras, e iso porque o pagamento prodúcese no momento mesmo de iniciarse as obras.

No caso concreto realizouse unha liquidación provisional de ICIO por importe de 4.613,32 euros.

CARTEL DE OBRA

Consta o pago da tarifa por expedición e subministro de cartel de obra por importe de 120 euros. Respecto a este feito imoñible consta informe do servizo de urbanismo de 6 de xuño de 2025 determinando que o cartel de obra non foi encargado, así pode determinarse que non se produciu o feito imoñible que determina o nacemento da obriga de pago de dita tarifa”.

Polo exposto e de conformidade co establecido nos artigos 31 e 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o artigo 18.4 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de Revisión en Vía Administrativa.



CONCELLO DE TEO

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a devolución do importe de 4.613,32 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Aprobar a devolución do importe de 120 euros en concepto de tarifa de subministro de cartel de obra dado a non realización do feito imponible.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado así como dar conta á Tesourería para que proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade indicada na conta corrente titularidade do interesado, debendo a estes efectos o interesado presentar no Concello certificado bancario de titularidade.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar a devolución do importe de 4.613,32 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Aprobar a devolución do importe de 120 euros en concepto de tarifa de subministro de cartel de obra dado a non realización do feito imponible.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado así como dar conta á Tesourería para que proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade indicada na conta corrente titularidade do interesado, debendo a estes efectos o interesado presentar no Concello certificado bancario de titularidade.

5.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS E DEPORTISTAS FEDERADOS 2025

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 11 de setembro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 17/03/2025 as Bases da Convocatoria de subvencións a clubs e deportistas federados, polas actividades realizadas en 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº62 de data 01/04/2025.



CONCELLO DE TEO

Téndose valorado a documentación presentada polos clubs por parte da comisión de valoración á que se refire a base 5ª da convocatoria, que presenta acta de data 28/08/2025 , na que figuran as puntuacións acadadas e os importes propostos para as axudas concedidas.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 10/09/2025.

Considerando o disposto na citada Base 5ª da Convocatoria referida ,así como o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar concesión das seguintes achegas segundo a proposta da Comisión de valoración de data 28/08/2025 , segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican aos seguintes clubs e deportistas federados :

CLUB	MODALIDADE	Contía á que opta	Documentación	Requisitos
1. E. BEISBOL E SOFBOL OS TILOS	BEISBOL	1.200,00 euros	Completa	Si
2. CLUB SAN FRANCISCO TEO	JUDO, KARATE, F.S.	3.225,04 euros	Completa	Si
3. PRAÍÑA SPC	FÚTBOL, FS, BLC	3.473,12 euros	Completa	Si
4. JUDO TEO CLUB	JUDO, DEFENSA PERSOAL, LOITA	1.984,64 euros	Completa	Si
5. CLUB CICLISTA TEO	CICLISMO	868,28 euros	Completa	Si
6. KICKBOXING CLUB	KICKBOXING, BOXEO	1.984,64 euros	Completa	Si
7. CLUB FAMILY LOS TILOS	PADEL, TENIS	3.038,98 euros	Completa	Si
8. CLUB AEROMODELISMO ESTELA	AEROMODELISMO	1.860,60 euros	Completa	Si
9. ASOCIACIÓN DE BILLAR TEO	BILLAR	2.480,80 euros	Completa	Si
10. SD CACHEIRAS	FÚTBOL	2.852,92 euros	Completa	Si
11. SR SAN XOAN DE CALO	FÚTBOL	3.535,14 euros	Completa	Si
12. CLUB DEPORTIVO GALOGRIN	BALONCESTO	3.721,20 euros	Completa	Si
13. ASOCIACIÓN DEPORTIVA MAPP	ORGANIZ. DE EVENTOS DXTIVOS.	805,36 euros	Completa	Si
14. PATINAXE ARTÍSTICA DE TEO	PATINAXE ARTÍSTICA	2.356,76 euros	Completa	Si
15. SDC DE RECESENDE	FÚTBOL	1.240,40 euros	Completa	Si
16. CLUB TIRO CON ARCO TEO	TIRO CON ARCO	372,12 euros	Completa	Si
TOTAL:		35.000,00 euros		

DEPORTISTA	MODALIDADE	Contía á que opta	Documentación	Requisitos
1. MIGUEZ FERRER, OLALLA	KARATE	803,52 euros	Completa	Si
2. CORIA CARBAJOSA, MARTÍN	PILOTO	312,48 euros	Completa	Si



CONCELLO DE TEO

3.	SANTOS VEIGA, XAVI	KARATE	1.584,13 euros	Completa	Si
4.	ALVEDRO GARCÍA, ANTÍA	XIMNASIA RÍTMICA	825,84 euros	Completa	Si
5.	CREGO FERNÁNDEZ, JACOBO	TRIATLON	357,12 euros	Completa	Si
6.	LORENZO COUSO, RUTH	KARATE	1.539,51 euros	Completa	Si
7.	CASTRO VALIÑO, MARÍA	XIMNASIA RÍTMICA	937,44 euros	Completa	Si
8.	LAMA-PEREIRA LAGE, ALVARO	BILLAR	1.383,27 euros	Completa	Si
9.	TORRES FORMOSO, DIEGO	KARATE	506,81 euros	Completa	Si
10.	FERNÁNDEZ OREIRO, ANXELA	XIMNASIA RÍTMICA	223,20 euros	Completa	Si
11.	RODRÍGUEZ CUARTAS, DIEGO	KARATE	736,56 euros	Completa	Si
12.	BLANCO GARCÍA, CARLOS	ATLETISMO	267,84 euros	Completa	Si
13.	BUELA GARCÍA, LEONOR	XIMNASIA RÍTMICA	156,24 euros	Completa	Si
14.	VINSEIRO VILABOA, AINHOA	XIMNASIA RÍTMICA	825,84 euros	Completa	Si
15.	CASTRO PAMPÍN, RAÚL	JUDO	513,36 euros	Completa	Si
16.	GARCIA AMADO, OLGA	JUDO	580,32 euros	Completa	Si
17.	MÁRQUEZ RODRÍGUEZ, SILVIA	XIMNASIA RÍTMICA	401,76 euros	Completa	Si
18.	IGLESIAS VALUJA, IRENE	XIMNASIA RÍTMICA	44,76 euros	Completa	Si
TOTAL:			12.000,00 euros		

Quedando excluídos da convocatoria as seguintes entidades e deportistas individuais polos motivos que se enuncian a continuación:

DEPORTISTA	MODALIDADE	MOTIVO
BLANCO GARCÍA, ROI	Tenis de mesa	Participa en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares *
ELIAS GONZÁLEZ, IAGO	Béisbol	Participa en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares *

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos interesados asi como aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

Teo, asinado na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Aprobar concesión das seguintes achegas segundo a proposta da Comisión de valoración de data 28/08/2025 , segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican aos seguintes clubs e deportistas federados :

CLUB	MODALIDADE	Contía á que opta	Documentación	Requisitos
17. E. BEISBOL E SOFBOL OS TILOS	BEISBOL	1.200,00 euros	Completa	Si
18. CLUB SAN FRANCISCO TEO	JUDO, KARATE, F.S.	3.225,04 euros	Completa	Si
19. PRAÑA SPC	FÚTBOL, FS, BLC	3.473,12 euros	Completa	Si
20. JUDO TEO CLUB	JUDO, DEFENSA PERSOAL, LOITA	1.984,64 euros	Completa	Si
21. CLUB CICLISTA TEO	CICLISMO	868,28 euros	Completa	Si
22. KICKBOXING CLUB	KICKBOXING, BOXEO	1.984,64 euros	Completa	Si
23. CLUB FAMILY LOS TILOS	PADEL, TENIS	3.038,98 euros	Completa	Si
24. CLUB AEROMODELISMO ESTELA	AEROMODELISMO	1.860,60 euros	Completa	Si
25. ASOCIACIÓN DE BILLAR TEO	BILLAR	2.480,80 euros	Completa	Si
26. SD CACHEIRAS	FÚTBOL	2.852,92 euros	Completa	Si
27. SR SAN XOAN DE CALO	FÚTBOL	3.535,14 euros	Completa	Si
28. CLUB DEPORTIVO GALOGRIN	BALONCESTO	3.721,20 euros	Completa	Si
29. ASOCIACIÓN DEPORTIVA MAPP	ORGANIZ. DE EVENTOS DXTIVOS.	805,36 euros	Completa	Si
30. PATINAXE ARTÍSTICA DE TEO	PATINAXE ARTÍSTICA	2.356,76 euros	Completa	Si
31. SDC DE RECESENDE	FÚTBOL	1.240,40 euros	Completa	Si
32. CLUB TIRO CON ARCO TEO	TIRO CON ARCO	372,12 euros	Completa	Si
TOTAL:		35.000,00 euros		

DEPORTISTA	MODALIDADE	Contía á que opta	Documentación	Requisitos
19. MIGUEZ FERRER, OLALLA	KARATE	803,52 euros	Completa	Si
20. CORIA CARBAJOSA, MARTÍN	PILOTO	312,48 euros	Completa	Si
21. SANTOS VEIGA, XAVI	KARATE	1.584,13 euros	Completa	Si
22. ALVEDRO GARCÍA, ANTÍA	XIMNASIA RÍTMICA	825,84 euros	Completa	Si
23. CREGO FERNÁNDEZ, JACOBO	TRIATLON	357,12 euros	Completa	Si
24. LORENZO COUSO, RUTH	KARATE	1.539,51 euros	Completa	Si
25. CASTRO VALIÑO, MARÍA	XIMNASIA RÍTMICA	937,44 euros	Completa	Si
26. LAMA-PEREIRA LAGE, ALVARO	BILLAR	1.383,27 euros	Completa	Si
27. TORRES FORMOSO, DIEGO	KARATE	506,81 euros	Completa	Si
28. FERNÁNDEZ OREIRO, ANXELA	XIMNASIA RÍTMICA	223,20 euros	Completa	Si
29. RODRÍGUEZ CUARTAS, DIEGO	KARATE	736,56 euros	Completa	Si
30. BLANCO GARCÍA, CARLOS	ATLETISMO	267,84 euros	Completa	Si
31. BUELA GARCÍA, LEONOR	XIMNASIA RÍTMICA	156,24 euros	Completa	Si
32. VINSEIRO VILABOA, AINHOA	XIMNASIA RÍTMICA	825,84 euros	Completa	Si
33. CASTRO PAMPÍN, RAÚL	JUDO	513,36 euros	Completa	Si
34. GARCIA AMADO, OLGA	JUDO	580,32 euros	Completa	Si
35. MÁRQUEZ RODRÍGUEZ, SILVIA	XIMNASIA	401,76 euros	Completa	Si



CONCELLO DE TEO

36. IGLESIAS VALUJA, IRENE	RÍTMICA XIMNASIA RÍTMICA	44,76 euros	Completa	Si
TOTAL:		12.000,00 euros		

Quedando excluídos da convocatoria as seguintes entidades e deportistas individuais polos motivos que se enuncian a continuación:

DEPORTISTA	MODALIDADE	MOTIVO
BLANCO GARCÍA, ROI	Tenis de mesa	Participa en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares *
ELIAS GONZÁLEZ, IAGO	Béisbol	Participa en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares *

Segundo.- Dar conta do presente acordo aos interesados así como aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

6.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA PARA DEPORTISTAS GALEGO-TEENSES DE ALTO NIVEL 2025

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 11 de setembro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de diversa índole.

Vistas as Bases da convocatoria de premios á excelencia deportiva para 2025.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 10/09/2025.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases da convocatoria de premios á excelencia deportiva para 2025, que se reflicten de seguido:

(...)

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Teo, asinado na data da sinatura dixital



CONCELLO DE TEO

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases da convocatoria de premios á excelencia deportiva para 2025, que se reflicten de seguido:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PREMIOS Á EXCELENCIA
DEPORTIVA PARA DEPORTISTAS GALEGO-TEENSES DE ALTO NIVEL
ANO 2025**

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por finalidade regular o procedemento de concesión de premios á excelencia deportiva destinados a apoiar ás persoas deportistas galegas de Alto Nivel empadroadas no Concello de Teo, que participaron en competicións deportivas oficiais de categoría absoluta de ámbito mundial, europeo e/ou estatal no ano 2024, que acrediten os requisitos administrativos e deportivos que se desenvolven nas presentes bases.

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán ser persoas beneficiarias desta convocatoria as persoas solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos e menor de 40 na data do último día de prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroada no concello de Teo polo menos dende o 1 de xaneiro de 2023
- Ter en vigor o recoñecemento pola Secretaría Xeral para o Deporte, como persoa DEPORTISTA GALEGA DE ALTO NIVEL, no momento da publicación destas bases.
- Ter licenza deportiva vixente nunha especialidade deportiva competitiva de carácter individual, expedida por unha federación deportiva recoñecida pola Administración Deportiva Autonómica de Galicia e/ou polo Consello Superior de Deportes.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria aquelas persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



CONCELLO DE TEO

3.- DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O orzamento máximo autorizado para esta convocatoria ascende a cantidade de 10.000 euros con cargo á partida 340/480.00 do orzamento de 2025.

4.- SOLICITUDES

4.1.- Forma e lugar de presentación de solicitudes.

As persoas interesadas presentarán a solicitude (**Anexo I**), preferentemente por medios electrónicos, dende o seguinte enlace:

https://sede.teo.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvenciones_N

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén poderán presentarse as solicitudes presencialmente no Rexistro do concello de Teo, cuxo horario será de 8:00 a 14:00 horas (de luns a venres).

No caso de facelo por medios telemáticos, a solicitude e os documentos que se anexan teñen que estar asinados pola mesma persoa.

A presentación das proposicións por unha vía diferente ás sinaladas será causa de rexeitamento ou exclusión.

4.2.- Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- DNI/NIE en vigor da persoa solicitante.
- DNI/NIE en vigor da persoa representante. (Unicamente no caso de persoas solicitantes menores de idade).
- Documento acreditativo da patria potestade ou tutela (copia do libro de familia ou calquera outro documento que o acredite). (Unicamente no caso de persoas solicitantes menores de idade).
- Licenza federativa en vigor ou certificación federativa co número de licenza.
- Certificación federativa das probas mundiais, europeas ou estatais nas que participaron no ano 2024.
- Última resolución publicada no DOG onde figure o recoñecemento e vixencia, pola Secretaría Xeral para o Deporte, como persoa deportista galega de Alto Nivel (No caso de non telo presentado en convocatorias anteriores).
- Certificación ou declaración responsable de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social. (No caso de persoas solicitantes menores de idade serán os datos dos titores legais)



CONCELLO DE TEO

- Certificación ou declaración responsable de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT. (No caso de persoas solicitantes menores de idade serán os datos dos titores legais)
- Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma. (No caso de persoas solicitantes menores de idade serán os datos dos titores legais)

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

- Declaración responsable conforme a que o/a solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o concello poderá solicitar o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4.3.- Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2025 procedentes de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados.

4.4.- Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no prazo de 15 días hábiles, a partir do día seguinte da publicación do anuncio das presentes bases no BOP.

4.5.- Corrección de solicitudes

Unha vez revisadas todas as solicitudes, a aquelas que conteñan erros ou deficiencias comunicaráselles e concederáselles un prazo máximo de 10 días hábiles a partir da súa comunicación para a súa corrección. De non emendar os defectos no dito prazo arquivarase sen máis trámites.

5.- TIPO DE PREMIOS E CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os premios regulados nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia limitada a que se cumpran os requisitos que se reflicten nestas bases. En consecuencia, non será necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas, atendéndose unicamente ao cumprimento efectivo dos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria e á subsistencia de crédito na data de presentación da solicitude.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes e comprobadas as que cumpren con todos os requisitos administrativos, serán avaliadas consonte os seguintes criterios:



CONCELLO DE TEO

TIPO DE PREMIO	DIRIXIDA a persoas deportistas que participaran no 2024 en competicións oficiais dalgunha especialidade deportiva recoñecida.
TIPO I	• Campionato do Mundo. • Proba/as do Campionato do mundo desenvolvida/as fora do ámbito estatal. • Competición de ámbito mundial. • Proba/as da competición de ámbito mundial desenvolvida/as fora do ámbito estatal. • Campionatos/probas desenvolvidas fora do ámbito estatal que puntúen para o ranking mundial individual absoluto.
TIPO II	• Campionato de Europa. • Proba/as do Campionato de Europa desenvolvida/as fora do ámbito estatal. • Competición de ámbito europeo. • Proba/as da competición de ámbito europeo desenvolvida/as fora do ámbito estatal. • Campionatos/probas desenvolvidas fora do ámbito estatal que puntúen para o ranking europeo individual absoluto.
TIPO III	• Campionato de España. • Campionatos/probas que puntúen para o ranking de España individual absoluto.

6.- IMPORTE MÁXIMO DOS PREMIOS

O importe máximo a recibir en función do tipo de premio, por cada solicitante, será:

Premio Tipo I: 1.500 euros

Premio Tipo II: 1.000 euros

Premio Tipo III: 750 euros

7.- ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Deportes.

O órgano instructor do procedemento será o encargado de requirir dos/as solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da persoa deportista, disciplina deportiva e contía máxima á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpre, de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas efectuaráa unha Comisión de Valoración constituída polo concelleiro delegado de Deportes, que a presidirá, a concelleira delegada de Cultura e á técnica municipal que actuará tamén como secretaria da comisión.



CONCELLO DE TEO

Suplencias. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros da comisión de valoración poderán ser substituídos polos seus suplentes. Para estes efectos, cando non poidan concorrer o/a concelleiro/a de Deportes ou o/a concelleiro/a de Cultura poderán ser substituídos/as, respectivamente, polo/a concelleiro/a de Educación e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais. A técnica deportiva poderá ser substituído/a por outro persoal do departamento de deportes.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

8.- PUBLICIDADE DAS AXUDAS

- As bases saíran publicadas no BOP.

- A resolución dos premios notificarase individualmente e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando o beneficiario, o tipo de premio, o importe e se é o caso as solicitudes denegadas e motivación.

9.- OBRIGAS

As persoas deportistas beneficiarias ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

As persoas deportistas que reciban axuda durante o ano 2025 quedan obrigadas a comunicar ao departamento de deportes a súa presenza en competicións nacionais e internacionais e o posto conseguido, así coma facilitar material gráfico para a difusión dende os medios municipais.

10.- PAGAMENTO

Unha vez publicada e comunicada a resolución dos premios procederase ao pago ás persoas beneficiarias.

Para o pagamento do premio concedido, as persoas beneficiarias deberán ter acreditado tal e como se detalla no punto 4.2.- das bases, estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal e Autonómica da Administración Tributaria e a Seguridade Social.

Non será necesario comprobalo ou acreditalo de novo sempre que os certificados presentados coa solicitude estean aínda en vigor no momento de proceder ao pagamento.

O pagamento realizarase despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

11.- CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

12.- RÉXIME SANCIONADOR



CONCELLO DE TEO

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, as persoas deportistas perceptoras destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

13.- RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, os presentes premios regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O que se fai público para os efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas bases. Teo, 7 de febreiro de 2025

O concelleiro de Deportes e Xuventude

Rogelio Gómez Fernández

ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE

CONVOCATORIA DE PREMIOS Á EXCELENCIA DEPORTIVA

Datos da persoa deportista:

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Enderezo:

Teléfono de contacto:

E-mail de contacto:

Datos do representante legal (no caso de deportistas menores de idade):

Nome e apelidos:

DNI:

Enderezo:



CONCELLO DE TEO

Teléfono de contacto:

E-mail de contacto:

Solicito que sexa admitida a trámite a solicitude da axuda para a seguinte modalidade:

- ☐ Premio Tipo 1
- ☐ Premio Tipo 2
- ☐ Premio Tipo 3

Documentación que se achega:

- ☐ DNI/NIE en vigor da persoa solicitante.
- ☐ DNI/NIE en vigor da persoa representante. (Unicamente no caso de persoas solicitantes menores de idade).
- ☐ Documento acreditativo da patria potestade ou tutela (copia do libro de familia ou calquera outro documento que o acredite). (Unicamente no caso de persoas solicitantes menores de idade).
- ☐ Licenza federativa en vigor ou certificación federativa co número de licenza.
- ☐ Certificación federativa das probas mundiais, europeas ou estatais nas que participaron no ano 2024.
- ☐ Última resolución publicada no DOG onde figure o recoñecemento e vixencia, pola Secretaría Xeral para o Deporte, como persoa deportista galega de Alto Nivel.
- ☐ Certificación ou declaración responsable de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
(No caso de persoas solicitantes menores de idade serán os datos dos titores legais)
- ☐ Certificación ou declaración responsable de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT. (No caso de persoas solicitantes menores de idade serán os datos dos titores legais)



CONCELLO DE TEO

☐ Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma. (No caso de persoas solicitantes menores de idade serán os datos dos titores legais)

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que para ser beneficiario se establecen no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Que son certos todos os datos que constan na solicitude así coma na documentación que se achega.

Teo, a de de 2025

Asinado: O/A deportista

Asinado: O representante legal (se é o caso)

Segundo- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e dezaseis minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral
Virginia Fraga Díaz

A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 19/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 6 DE OUTUBRO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e dez minutos do día 6 de outubro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal: D.^a M^a Elena Sueiro Fernández, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 18/08/2025, 01/09/2025 E 15/09/2025**
- 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS**
- 3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**



CONCELLO DE TEO

- 4.- **AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
- 5.- **PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2025/2026**
- 6.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2025**
- 7.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 8.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 18/08/2025, 01/09/2025 E 15/09/2025

Acta da sesión ordinaria do 18 de agosto de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 18 de agosto de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 1 de setembro de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 1 de setembro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 15 de setembro de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15 de setembro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.



Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A AURELIO MANUEL MARTÍS SUEIRO, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar e peches de parcela, en A Xesta, 34, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508006960000SY, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: **42/2025 -2025/U022/000013**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, modificado de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar e peches de parcela, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, con datas de visado colexial 01.04.2025 e 07.08.2025.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo interesado, dunha superficie de 99,00 m².

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.



- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
 - Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
 - Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
 - Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.
- .- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:
- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.
 - b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
 - c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
 - d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
 - e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.



CONCELLO DE TEO

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

- Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, Núcleo rural tradicional
- Usos: Vivenda unifamiliar
- Arquitecto/a director/a das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría
- Arquitecto/a técnico/a director/a: Alejandro Ulla Rivas
- Coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas
- Condicións da parcela:
 - Superficie mínima parcela neta: 681,00 m²
 - Fronte mínima: 16,45 m.
- Volumetría:
 - Edificabilidade: 0,29 m²/ m²
 - Altura máxima: B+BC, 6,09 m.
- Posición da edificación:
 - Ocupación máxima: 22,00 %
 - Recuamento á aliñación: 8,30 m.
 - Recuamento a lindeiros: 3,00 m.
- Outras condicións:
 - Tipo de cuberta: Tella
 - Pendente máxima de cuberta: 30°
 - Altura do cumio: 2,93 m.
 - Aproveitamento baixo cuberta: Non
 - Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
- Presuposto: 468.503,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 9.370,06 €.
 - . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 274,50 €.
 - . Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 9.764,56 euros.

2.2. A RUBÉN JULIO COUGIL SEOANE, licenza para obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, en Sebe, 19, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503055380000SY, segundo proxecto redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais.

Expediente núm: **43/2025 -2024/U022/000030**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:



- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico de obras de rehabilitación e ampliación de vivenda e as súas modificacións, redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo interesado, dunha superficie de 15,00 m².

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de



CONCELLO DE TEO

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantos, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-4, Casco tradicional

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Eugenio Torreira Pais

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Carlos Uzal Cabanas

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Xosé Pouso Iglesias

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 434,00 m²

Fronte mínima: 45,70 m.



CONCELLO DE TEO

-Volumetría:

Edificabilidade: < 15,00 m²/ m²

Altura máxima: B+1, 6,50 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima:

Recuamento á aliñación: Aliñación oficial

Recuamento a lindeiros: 10,65 m. ou encostada

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Integrada no entorno

Pendente máxima de cuberta: 21°

Altura do cumio: < 4,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 428.167,95 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 8.563,36 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 201,45 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 8.884,81 euros.

MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN

LICENZA 7/2021 -2020/U022/000032

2.3. A IRIA OTERO ROMERO, para modificado de proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, reducindo a superficie e o orzamento de execución material, en Cornide, 83, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, expediente 7/2021 -2020/U022/000032.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no colexio oficial de arquitectos en data 14.10.2021.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie total de 186 metros cadrados asinado pola sra. Otero.

-Figura no expediente copia, facilitada por Augas de Teo, do contrato para acometida abastecemento e saneamento (nº contrato 3028644), xunto co xustificante de pagamento.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e



lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado pola promotora.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.



b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N-1, Núcleo rural tradicional

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Jesús M. Carrillo Pena

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Ubaldo J. López Leiceaga

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Pablo Xosé Puso Iglesias

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 1.316,00 m²

Fronte mínima: >12,00 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,07 m²/ m²

Altura máxima: B, 3,96 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 7,53 %

Recuamento á aliñación: 3,00 m.

Recuamento a lindeiros: 3,56 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Tella

Pendente máxima de cuberta: 25°

Altura do cumio: <4,00 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.

-Presuposto: 75.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:



CONCELLO DE TEO

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.500,00 €.
 - . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
 - . Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 1.680,00 euros.

MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN

LICENZA 3/2025 -2020/U022/000017

2.4. A JOSÉ MANUEL JUNQUERA PARDO e a ELISA FREIRE BALUJA, para reformado de proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Socastro, 1, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508009640000SK, segundo proxecto redactado polo arquitecto Leandro M. del Río Regos. Proxectase unha planta simétrica en sentido lonxitudinal á do proxecto que obtivo licenza estreitándoa lixeiramente e alongándoa. Mantense o programa do proxecto orixinal axustando as dimensións dos espazos á nova xeometría.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución de obras de construción dunha vivenda unifamiliar reformado, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Leandro M. del Río Regos, visado no colexio oficial de arquitectos en data 21.07.2025.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.



- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
 - Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.
- .- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:
- a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.
 - b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
 - c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
 - d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
 - e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
 - f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:



CONCELLO DE TEO

- Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión
- Usos: Vivenda unifamiliar
- Arquitecto/a director/a das obras: Leandro M. del Río Regos
- Arquitecto/a técnico/a director/a: Santiago Boo Moar
- Coordinador/a de seguridade e saúde: Santiago Boo Moar
- Condicións da parcela:
 - Superficie mínima parcela neta: 740,00 m²
 - Fronte mínima: 16,51 m.
- Volumetría:
 - Edificabilidade: 0,29 m²/ m²
 - Altura máxima: B+1, 6,78 m.
- Posición da edificación:
 - Ocupación máxima: 20,00 %
 - Recuamento á aliñación: 4,33 m.
 - Recuamento a lindeiros: 3,00 m.
- Outras condicións:
 - Tipo de cuberta: De tella
 - Pendente máxima de cuberta: 10º
 - Altura do cumio: 1,00 m.
 - Aproveitamento baixo cuberta: Non
 - Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.
- Presuposto: 150.585,04 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.011,70 €.
 - . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 70,50 €.
 - . Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 3.202,20 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA

2.5. Escrito presentado por José Manuel Jamardo Pardal, en data 29 de agosto de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900002782, no que solicita prórroga para remate de obra, da licenza urbanística con expediente núm. 72/2022 -2022/U022/000031, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de decembro de 2022, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Texexe, 13-B, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508012100000SS.

Visto o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal en data 17 de setembro de 2025 e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Conceder a **JOSÉ MANUEL JAMARDO PARDAL, expte. 2025/U003/000006**, a prórroga solicitada para finalización de obra, por un novo prazo non superior a tres anos, en base ao



CONCELLO DE TEO

artigo 31 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Teo e o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

● BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, E alumnos que cursen ESO en centros	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria.



CONCELLO DE TEO

distintos aos de Cacheiras e Pontepedriña, en modalidades que non existan nos anteriores.	
---	--

- **Disposición derradeira**

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2026 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes. A igual puntuación, terán prioridade as solicitudes con menor renda per cápita.

Teo, 23 de setembro de 2025

A Concelleira de Educación

María Vázquez Rey

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA CURSO 2025/2026

DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA/ ALUMNOS ENTRE 18 A 25 ANOS)

NOME E APELIDOS																					
NIF																					
ENDEREZO																					
e-MAIL																					
TELÉFONO																					
IBAN: CC:	<table><tr><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr></table>																				

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
CURSO	
CENTRO DE ESTUDOS	



CONCELLO DE TEO

AXUDA SOLICITADA:	AXUDA DE ENSINO
	AXUDA de transporte (só centros de ensino fóra da área metropolitana de Santiago)

- **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x) (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos.

Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.

Informe que xustifique a imposibilidade de empregar o transporte metropolitano.

- Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda): (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2024.

Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2024.

Certificado da conta bancaria.

Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).

Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2025.

Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

- **XUSTIFICACIÓN OBRIGATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

Facturas orixinais ou copias cotexadas, ou certificado selado do gasto en material escolar, libros ou contidos dixitais, ou no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)

Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as, ensinanzas artísticas superiores, PCPI e alumnado con NEE).

Teo,dede 2025

Asdo.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE



CONCELLO DE TEO

D./D.^a _____, con
NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a, dos/das alumno/a, alumnos/as,
alumnos solicitantes de 18 a 25
anos _____,

DECLARO:

- 1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO:

- Ao concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2025/2026

_____, _____ de _____ de 2025

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA) “

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DO ÁMBITO VECIÑAL E DE BENESTAR, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2025

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 29 de setembro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Téndose aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 04/08/2025 as bases da convocatoria de subvencións do ámbito veciñal e do benestar, polas actividades realizadas en 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº58 de data 21/08/2025.



CONCELLO DE TEO

Téndose valorado a documentación presentada polas entidades interesadas por parte da comisión de valoración á que se refire a base 8ª da convocatoria, que presentou a súa proposta de concesión en data 23/09/2025.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 29/09/2025.

E, considerando o disposto na citada Base 8ª da Convocatoria referida,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión de valoración de data 23/09/2025 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades

ENTIDADE	PUNTOS	ACHEGA CONCEDIDA
ARC OS TILOS	70	4.500,00
AA VV O CASTRO DE RECESSENDE	50	360,70
AV TRINXIDOIRO	50	1.677,00
A MULLERES RURAIS DE TEO	60	2.470,00

Quedando excluídas polos motivos que de seguido se expoñen:

ENTIDADE	MOTIVO
A TORRE ASOCIACION VECIÑAL	NON PRESENTA A SOLICITUDE EN PRAZO
ASOCIACION CULTURAL O TILEIRO	NON CUMPRE AS BASES DA CONVOCATORIA

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizos económicos aos efectos oportunos.

Teo, 29 de setembro de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz “

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Aprobamos a proposta da Comisión de valoración de data 23/09/2025 segundo a cal procede conceder os importes que de seguido se indican ás seguintes entidades

ENTIDADE	PUNTOS	ACHEGA CONCEDIDA
ARC OS TILOS	70	4.500,00
AA VV O CASTRO DE RECESSENDE	50	360,70
AV TRINXIDOIRO	50	1.677,00
A MULLERES RURAIS DE TEO	60	2.470,00

Quedando excluídas polos motivos que de seguido se expoñen:

ENTIDADE	MOTIVO
A TORRE ASOCIACION VECIÑAL	NON PRESENTA A SOLICITUDE EN PRAZO
ASOCIACION CULTURAL O TILEIRO	NON CUMPRE AS BASES DA CONVOCATORIA

Segundo.- Dar conta do presente acordo ás entidades interesadas, así como ao servizo económico aos efectos oportunos.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria acetal

M^a Elena Sueiro Fernández

Firmado por MARÍA
ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ
- ***9467** el día

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz
LUCIA CALVO DE LA UZ - 44427203N
Firmado digitalmente
por LUCIA CALVO DE
LA UZ - 44427203N
Fecha: 2025.10.10
13:56:49 +02'00'



CONCELLO DE TEO

ACTA 20/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 20 DE OUTUBRO DE 2025-

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e tres minutos do día 20 de outubro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asisten, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo, D.^a María Vázquez Rey

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 06/10/2025
- 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 48/2024 – 2024/U018/000010
- 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO E DEVOLUCIÓN DE INGRESOS. ESTUNOR 2006 SL - 2025/T001/000024
- 5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA ICIO. NEREA FUENTES GONZÁLEZ . 2025/X999/000723
- 6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA
- 7.- ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE TEO

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 06/10/2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 6 de outubro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A FERNANDO MOGO LOURO, licenza para obras de construción dun almacén agrícola, en Fontenlo, parroquia de Teo, R.C.: 15083A506002830000KI, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Manuel Pena Alonso.

Expediente núm: **44/2025 -2023/U022/000004**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto técnico de construción dun alpendre destinado a almacén agrícola, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite



CONCELLO DE TEO

non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezas as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

-Antes do inicio das obras farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística (artigo 39.e) da LSG).

-Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira utilización, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:



CONCELLO DE TEO

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA R-5, Solo rústico de especial protección de augas

-Usos: Almacén agrícola

-Arquitecto/a director/a das obras: José Manuel Pena Alonso

-Coordinador/a de seguridade e saúde: José Manuel Pena Alonso

-Condicións da parcela:

Superficie: 7.190,00 m²

Altura máxima: B, 2,50 m.

Ocupación máxima: 1,10 %

Recuamento a lindeiros: >5,00 m.

-Presuposto: 26.775,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 535,50 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 715,50 euros.

2.2. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE PARCELACIÓN DE FINCAS E AGRUPACIÓN: BENILDE LOUREIRO GUILLÍN

Escrito presentado por Irene Domínguez Loureiro, en representación de Benilde Loureiro Guillín, en data 9 de setembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900003089, no que solicita declaración de innecesariedade de licenza municipal de segregación das parcelas con R.C.: 15083B510002060000SY - 15083B510007190000SQ.



CONCELLO DE TEO

Expediente núm: **45/2025 -2025/U018/000007**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 15 de setembro de 2025, incorporado ao expediente.

Visto o disposto nos artigos 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 368.6 b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Declarar a innecesiedade de licenza municipal de segregación das parcelas con referencia catastral núms. 15083B510002060000SY - 15083B510007190000SQ, situadas en Fornelos, parroquia de Raris, solicitada por BENILDE LOUREIRO GUILLÍN (**I-2/2025**), en base ao informe do arquitecto municipal do 15 de setembro de 2025, incorporado ao expediente.

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

2.3. A LOURDES DOLORES NANDE REBOREDO, licenza para segregación (tres resultantes) dunha finca situada en Ribas, 56, parroquia de Oza, R.C.: 15083B50700168, segundo proxecto redactado pola técnica Brígida García Couto.

Expediente núm: **46/2025 -2024/U018/000015**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 2 de outubro de 2024 (rex. entrada núm. 202499900003037) redactado pola técnica Brígida García Couto.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m ²	1.270,00 m ²	1.253,00 m ²	1.318,00 m ²	399,00 m ²
Fronte mínima	14 m	32,76 m	65,11 m	29,60 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 399,00 metros cadrados, asinado pola interesada.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos



CONCELLO DE TEO

artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.4. A JAIME BLANCO PAZOS, licenza para segregación (dúas resultantes) dunha finca situada en Casal de Reis, parroquia de Raris, R.C.: 15083B510007350000SX, segundo proxecto redactado pola técnica Brígida García Couto.

Expediente núm: **47/2025 -2025/U018/000006**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 7 de agosto de 2025 (rex. entrada núm. 202599900002504) redactado pola técnica Brígida García Couto.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m ²	891,00 m ²	890,00 m ²	209,00 m ²
Fronte mínima	14 m	25,54 m	23,26 m	
Edificabilidade	0,3 m ² /m ²	0,08 m ² /m ²		
Ocupación	40%	12,50%		

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 209,00 metros cadrados, asinado polo interesado.

- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.5. Escrito presentado por Manuel Lago Traba, en data 15 de xullo de 2021, con rexistro de entrada no Concello núm. 202100000003483, no que solicita licenza de primeira ocupación.



CONCELLO DE TEO

Expediente núm: **2021/U007/000014**

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 29 de agosto de 2025, o informe xurídico de Secretaría de data 17 de outubro de 2025, e demais documentos obrantes no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Conceder a MANUEL LAGO TRABA a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, para unha vivenda unifamiliar, en Augas Mansas, 35, parroquia de Cacheiras, R.C.: 6014418NH3461N00001OT, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 117/2004, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.05.2004.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO. LICENZA 48/2024 – 2024/U018/000010

Escrito presentado por José Fandiño Pazos, en data 9 de outubro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202500000004573, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 48/2024 -2024/U018/000010, xuntando escritura pública de data vinte un de abril de 2025, do notario Francisco López Moledo, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2024, a María Isabel Viqueira García e a Juan José Fandiño Pazos, para agregación-segregación (dúas resultantes) das fincas situadas en Solláns, 81, parroquia de Calo, Rs.Cs.: 15083A51402474 - 15083A51402473, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 181,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data vinte un de abril de 2025, do notario Francisco López Moledo, dunha superficie de 181,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 48/2024 -2024/U018/000010.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación



CONCELLO DE TEO

acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2024 (Lic. 48/2024 -2024/U018/000010).

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO E DEVOLUCIÓN DE INGRESOS. ESTUNOR 2006 SL - 2025/T001/000024

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 17 de outubro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ICIO ESTUNOR 2006 SL

EXPEDIENTE: 2025/T001/000024

Visto que con data 11/01/2024 e número de rexistro 202499900000104 presentase solicitude de bonificación de ICIO pola realización da obra de instalación de catro ascensores e reforma de acceso aso portais en Rúa Ameneiro 11 Os Tilos en relación ao expediente 2022/U022/0000015.

Considerando que con data 5 de decembro de 2022 adoptouse por Xunta de Goberno Local acordo de concesión de licenza de obra e aprobouse a seguinte liquidación:

- Icio: 4.924,88 €
- Taxa expedición lic urb.: 60,00 €
- Cartel: 120,00 €

Visto que con data 20/12/2022 realizouse ingreso da liquidación de ICIO máis cartel por importe de 5.044,88 €

Atendendo ao informe do departamento de urbanismo de data 27/11/2024 onde se indican que as obras están directamente dirixidas na súa integridade a facilitar o tránsito peonil de aquelas persoas de mobilidade reducida

Tendo en conta o informe proposta de, bonificación de ICIO e devolución de ingresos indebidos, do Técnico de xestión económica e tesoureiría de data 17/10/2025.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE TEO

Primeiro.- Atender a solicitude feita por ESTUNOR 2006SL de bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Tendo en conta que as obras están destinadas integramente a facilitar o tránsito peonil das persoas discapacitadas e que en ningún caso a dedución pode exceder do 30% da cota íntegra, a bonificación sería a indicada no seguinte cadro:

DATOS DEL SUXEITO PASIVO	
Apelidos y Nome ESTUNOR 2006 SL	CIF B70080817
Domicilio REGOUFE 141	
CUOTA ÍNTEGRA	4.924,88
PORCENTAXE BONIFICADO	30,00%
BONIFICACIÓN	1.477,46 €

Segundo.- Proceder a devolución do seguinte importe como consecuencia da aplicación da bonificación establecida na Ordenanza reguladora do imposto sobre construción, instalación e obras

Imposto	Importe ingresado	Bonificación	Importe a devolver
ICIO	4.924,88 €	1.477,46 €	1.477,46 €

Terceiro.- Notificar a resolución aos/ás interesados/as con sinalamento dos recursos procedentes e dar traslado aos Servizos Económicos.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Atender a solicitude feita por ESTUNOR 2006SL de bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións



CONCELLO DE TEO

xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Tendo en conta que as obras están destinadas integramente a facilitar o tránsito peonil das persoas discapacitadas e que en ningún caso a dedución pode exceder do 30% da cota íntegra, a bonificación sería a indicada no seguinte cadro:

DATOS DEL SUXEITO PASIVO	
Apelidos y Nome ESTUNOR 2006 SL	CIF B70080817
Domicilio REGOUFE 141	
CUOTA ÍNTEGRA	4.924,88
PORCENTAXE BONIFICADO	30,00%
BONIFICACIÓN	1.477,46 €

Segundo.- Proceder a devolución do seguinte importe como consecuencia da aplicación da bonificación establecida na Ordenanza reguladora do imposto sobre construción, instalación e obras

Imposto	Importe ingresado	Bonificación	Importe a devolver
ICIO	4.924,88 €	1.477,46 €	1.477,46 €

Terceiro.- Notificar a resolución aos/ás interesados/as con sinalamento dos recursos procedentes e dar traslado aos Servizos Económicos.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA ICIO. NEREA FUENTES GONZÁLEZ . 2025/X999/000723

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 17 de outubro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA ICIO NEREA FUENTES GONZALEZ
EXPDTE:2025/X999/000273



CONCELLO DE TEO

Visto que con data 03/05/2021 acordouse por xunta de goberno local a concesión da licenza para obras dunha vivenda unifamiliar en Bouñou 5, parroquia de Rarís (expdte 21/2021-2020/U022/000042) cun presuposto de execución material de 140.000,00 e a nome de Nerea Fuentes González.

Considerando que con data con data 03/05/2021 aprobouse a seguinte liquidación:

- Icio: 2.800,00 €
- Taxa expedición lic urb.: 116,07 €
- Cartel: 120,00 €

Considerando que con data 12/01/2025 presentouse comunicación previa de primeira ocupación unha vez rematada a construción de vivenda unifamiliar, en Bouñou 5 parroquia de Rarís.

Visto que se incorpora ao expediente informe departamento urbanismo onde se indica unha diferenza de 25.700,00 € entre o presuposto de execución material inicial 140.000,00 € e o que indica liquidación final de obra executada 165.700,00 €.

Tendo en conta o informe proposta de liquidación definitiva do técnico de xestión económica e tesoureiría de data 17/10/2025.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobamos dunha liquidación complementaria sobre a diferenza existente entre o PEM declarado inicialmente e o executado finalmente, sendo esta diferenza de 25.700,00 €.

DATOS DEL SUXEITO PASIVO	
Apellidos y Nome FUENTES GONZÁLEZ NEREA	NIF 45959401L
Domicilio BOÑOU 5	
LIQUIDACIÓN DEFINITIVA	
BASE IMPONIBLE (PEM INICIAL)	140.000,00 €
BASE IMPONIBLE (PEM FIN DE OBRA)	165.700,00 €
TIPO DE GRAVAMEN	2,00 %
CUOTA TRIBUTARIA (INICIAL)-A	2.800,00 €



CONCELLO DE TEO

CUOTA TRIBUTARIA (FINAL) -B	3.314,00 €
CUOTA TRIBUTARIA DEFINITIVA A INGRESAR (B-A)	514,00 €

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, con expresa indicación do réxime de recursos que procedan contra ela, xunto coa liquidación emitida para que proceda ao pago dela nos prazos indicados na entidade colaboradora Abanca.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar dunha liquidación complementaria sobre a diferenza existente entre o PEM declarado inicialmente e o executado finalmente , sendo esta diferenza de 25.700,00 €.

DATOS DEL SUXEITO PASIVO	
Apelidos y Nome FUENTES GONZÁLEZ NEREA	NIF 45959401L
Domicilio BOUÑO 5	
LIQUIDACIÓN DEFINITIVA	
BASE IMPONIBLE (PEM INICIAL)	140.000,00 €
BASE IMPONIBLE (PEM FIN DE OBRA)	165.700,00 €
TIPO DE GRAVAMEN	2,00 %
CUOTA TRIBUTARIA (INICIAL)-A	2.800,00 €
CUOTA TRIBUTARIA (FINAL) -B	3.314,00 €
CUOTA TRIBUTARIA DEFINITIVA A INGRESAR (B-A)	514,00 €

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, con expresa indicación do réxime de recursos que procedan contra ela, xunto coa liquidación emitida para que proceda ao pago



CONCELLO DE TEO

dela nos prazos indicados na entidade colaboradora Abanca.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 21/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE NOVIEMBRE DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 3 de novembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa:

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 20/10/2025
- 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO
- 4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO



CONCELLO DE TEO

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 20/10/2025

Acta da sesión ordinaria do 20 de outubro de 2025

A sra. alcaldesa pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20 de outubro de 2025

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A EDUARDO VILLACIEROS ROBINEAU, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Agromaior, 38-A, parroquia de Teo, R.C.: 15083A506100110000KD, segundo proxecto redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais.

Expediente núm: **48/2025 -2025/U022/000016**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, proxecto básico de obras de construción dunha vivenda unifamiliar, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.



CONCELLO DE TEO

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación, data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.



CONCELLO DE TEO

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA N-2, Núcleo rural expansión

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Eugenio Torreira Pais

-Arquitecto/a técnico/a director/a: Jesús Sánchez García

-Coordinador/a de seguridade e saúde: Eugenio Torreira Pais

-Condicións da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 1.100,00 m²

Fronte mínima: 37,07 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0,09 m²/ m²

Altura máxima: B, 3,31 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 8,02 %

Recuamento á aliñación: 5,50 m.

Recuamento a lindeiros: 5,80 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: De tella

Pendente máxima de cuberta: 20°

Altura do cumio: 1,15 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Non

Prazas de aparcamento: 1 praza/viv.



CONCELLO DE TEO

-Presuposto: 131.197,50 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.623,95 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.803,95 euros.

2.2. A JOSÉ ANTONIO GARRIDO POUSA, licenza para modificación de proxecto básico de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada, en Socastro, 39, parroquia de Calo, R.C.: 001404900NH34A0001ZX, segundo proxecto redactado polo arquitecto Oscar L. Rodríguez Ramos.

Expediente núm: **49/2025 -2024/U022/000041**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Oscar L. Rodríguez Ramos, modificado de proxecto básico de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada, visado no colexio oficial de arquitectos en data 02.10.2025.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

-Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuran no documento de cesión asinado polo promotor, dunha superficie total de 54,00 m².

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

Vista a instancia presentada en data 13/05/2025 por D.DIEGO SANDE MALLO en representación de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES SAU de devolución de garantía para obras de acometida de telecomunicacións á Mediateca de Os Tilos na Rua Buxo nº4.

Visto o informe favorable da arquitecta técnica municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.



CONCELLO DE TEO

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 26/11/2025, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES SAU para obra referida anteriormente, por importe de **500,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 26 de novembro de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES SAU para obra referida anteriormente, por importe de **500,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.8.- CANCELACIÓN DE GARANTÍA MARÍA GUERRA PARDO, POR SOTERRAR UN TREITO DE CANALIZACIÓN DE AUGA POTABLE NA VÍA PÚBLICA NO LUGAR DE OSEVE, 98 - CALO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 28 de novembro de 2025 que se recolle a continuación:



CONCELLO DE TEO

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 16/09/2025 por D.^a MARIA GUERRA PARDO de devolución de garantía para soterrar un treito de canalización de auga potable na via publica no lugar de Osebe 98, Calo .

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 28/11/2025, favorable á devolución.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por MARIA GUERRA PARDO para obra referida anteriormente, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 28 de novembro de 2025.

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía constituida por MARIA GUERRA PARDO para obra referida anteriormente, por importe de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.



CONCELLO DE TEO

5.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



CONCELLO DE TEO

ACTA 24/25

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 15 DE DECEMBRO DE 2025 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e sete minutos do día 15 de decembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que de seguido se relacionan, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, D.^a Lucía Calvo de la Uz, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

Presidenta :

D.^a Lucía Calvo de la Uz

Concelleiras/os:

D. Rogelio Lema Mougán

D.^a María Margarita Rosende Domínguez

D.^a María Vázquez Rey

D. Ángel Barreiro Rodríguez

Non asiste, previa escusa: D. José Manuel Guerra Calvelo

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 01/12/2025
- 2.- LICENZAS URBANÍSTICAS
- 3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO



CONCELLO DE TEO

- 4.- **TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO**
- 5.- **AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
- 6.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS. JUAN RAMÓN GALLASTEGUI BAAMONDE**
- 7.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 8.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, a sra. alcaldesa declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 01/12/2025

A sra. alcaldesa preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 1 de decembro de 2025.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN ERRO

2.1. Visto que na licenza urbanística núm. 26/2025 -2025/U022/000012, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 2 de xuño de 2025, a ALBERTO BARRIOS CALDARELLI e SUSANA MATOS DAPARTE, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Sebe, 51, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503016820000SZ, existe un erro en canto á condición de cesión dos terreos para regularización do viario, *“Antes do inicio das obras formalizarase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario, debendo presentar escritura de cesión para a súa aceptación.”*, posto que dita cesión está formalizada en escritura pública de data 28 de xuño do 2016, do notario Carlos Sebastián Lapidó Alonso, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE TEO

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2025, eliminando a condición de cesión dos terreos para regularización do viario, quedando o acordo redactado segundo se detalla a continuación:

“1.2. A ALBERTO BARRIOS CALDARELLI e SUSANA MATOS DAPARTE, licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Sebe, 51, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083B503016820000SZ, segundo proxecto redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro.

Expediente núm: **26/2025 -2025/U022/000012**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, proxecto básico, redactado polo arquitecto Diego Lareo Castro, sen visado colexial.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Figura no expediente garantía polas obras simultáneas de urbanización, por importe de 6.342,98 euros, mediante transferencia da entidade Abanca, de data 13 de maio de 2025.

-Antes do inicio das obras deberá presentar comunicación previa, conforme ao modelo normalizado aprobado polo Concello de Teo (Resolución da Alcaldía de data 16 de xuño de 2023, expte. 2023/G003/000792), xuntando proxecto de execución.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do reformulo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras suxeitas a licenza urbanística será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directora e da persoa contratista, ordenanza de aplicación, usos aos que se vai destinar a edificación,



CONCELLO DE TEO

data de expedición da licenza, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello, presentando a obrigatoria comunicación previa de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobranceiros, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 (RLSG).



CONCELLO DE TEO

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: ORDENANZA U-3, Residencial de baixa densidade en tipoloxía exenta

-Usos: Vivenda unifamiliar

-Arquitecto/a director/a das obras: Diego Lareo Castro

-Arquitecto/a técnico/a director/a: José María Brañas Rodríguez

-Coordinador/a de seguridade e saúde: José María Brañas Rodríguez

-Condições da parcela:

Superficie mínima parcela neta: 2.470,00 m²

Fronte mínima: 32,80 m.

-Volumetría:

Edificabilidade: 0165 m²/ m²

Altura máxima: B+1, 6,00 m.

-Posición da edificación:

Ocupación máxima: 12,02 %

Recuamento á aliñación: 3,00 m.

Recuamento a lindeiros: 3,00 m.

-Outras condicións:

Tipo de cuberta: Plana

Pendente máxima de cuberta: 1º

Altura do cumio: 0 m.

Aproveitamento baixo cuberta: Si

Prazas de aparcamento: 2 prazas

-Presuposto: 493.391,85 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 9.867,84 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 397,53 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 10.385,37 euros.”

Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE, TOMA DE COÑECEMENTO

2.2. Dada conta do escrito presentado por Javier Fernández Gutiérrez, en data 26 de novembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202500000005360, no que comunica, como titular da licenza, o cambio de titularidade da licenza urbanística 8/2023 -2021/U022/000032, que lle fora concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de marzo de 2023, para construción dunha vivenda unifamiliar, dunha superficie de 282,00 m², en Espasande, 19, parroquia de Luou, pasando a nome de Rut Martínez Montesinos.



CONCELLO DE TEO

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística 8/2023-2021/U022/000032, pasando a nome de Rut Martínez Montesinos, debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Segundo.- Notificar este acordo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 51/2022 -2022/U022/000017 (Cesión 15/2025)

Escrito presentado por Roque Juan Mosquera Dorrego, en data 2 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202500000005450, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 51/2022-2022/U022/000017, xuntando escritura pública de data cinco de novembro de 2025, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de setembro de 2022, a Roque Juan Mosquera Dorrego, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Penelas, 82, parroquia de Cacheiras, R.C.: 15083A515011610000KQ, segundo proxecto redactado pola arquitecta Natalia Couselo Ferreiro, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 103,25 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data cinco de novembro de 2025, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, dunha superficie de 103,25 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 51/2022 -2022/U022/000017.

Segundo.- Deberá procederse pola persoa interesada a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no Concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de setembro de 2022 (Lic. 51/2022 -2022/U022/000017).



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 41/2021 -2020/U018/000023 (Cesión 13/2025)

Escrito presentado por José Luis Seoane Baleato, en representación de José Carlos López González, en data 9 de decembro de 2025, con rexistro de entrada no Concello núm. 202599900004369, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de novembro de 2025.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de agosto de 2021, a José Carlos López González, para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Procelas, 40-42, Cacheiras, R.C.: 15083B503002290000SU, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 261,28 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

-Porción de terreo situado na zona de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de dous centos sesenta e un con vinteoito metros cadrados. Inscrición: 3, Data: 1 de decembro de 2025. Finca: 38075. Código Rexistral Único: 15013001139329.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data vinte un de marzo de 2023, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de agosto de 2021, expte. 41/2021 -2020/U018/000023.

Segundo.- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de agosto de 2021, a José Carlos López González, para segregación (tres parcelas) dunha finca situada en Procelas, 40-42, Cacheiras, R.C.: 15083B503002290000SU, segundo proxecto redactado polos técnicos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, expte. 41/2021 -2020/U018/000023.



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

5- AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.

5.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A NEDGIA GALICIA S.A. (rex. entrada nº 202599900003204 do 17/09/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 5 de decembro de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., de 17 de setembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003204), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para executar unha reparación sobre unha arqueta que se atopa na vía pública, a altura de Augas Mansas, 92, Cacheiras, S/R.: ACT250800184329.

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización de gas son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalación de redes de gas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.



CONCELLO DE TEO

Considerando que se constituíu garantía suficiente (500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900004008 de 12/11/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000030, para executar unha reparación sobre unha arqueta que se atopa na vía pública, a altura de Augas Mansas, 92, Cacheiras, S/R.: ACT250800184329, de acordo co solicitado en data 17 de setembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003204).*

Segundo.- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes."*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- **Outorgar a Manuel Cirugeda García, en representación de NEDGIA GALICIA, S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000030, para executar unha reparación sobre unha arqueta que se atopa na vía pública, a altura de Augas Mansas, 92, Cacheiras, S/R.: ACT250800184329, de acordo co solicitado en data 17 de setembro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003204).**

Segundo.- **Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

5.2. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202599900003808 do 30/10/2025).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 1 de decembro de 2025, que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 30 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003808), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Ribas, 19-C, Oza (SGD618525100024).



CONCELLO DE TEO

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.

Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.

Considerando que as instalacións de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).

Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.

Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (900,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202599900003808 de 30/10/2025).

En virtude do exposto, e de acordo co Decreto da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000037, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Ribas, 19-C, Oza (SGD618525100024), de acordo co solicitado en data 30 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003808).

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res. 783/2023)), acorda:

Primeiro.- Outorgar a Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público, expte. 2025/V011/000037, para executar unha obra de acometida para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar, en Ribas, 19-C, Oza (SGD618525100024), de acordo co solicitado en data 30 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 202599900003808).



CONCELLO DE TEO

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS. JUAN RAMÓN GALLASTEGUI BAAMONDE

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 11 de decembro de 2025 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/T001/000040

ASUNTO: DEVOLUCIÓN INGRESOS ASOCIADOS A EXPEDIENTE 2025/U022/000006 DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 30/2025.

INTERESADO: JUAN RAMÓN GALLASTEGUI BAAMONDE.

Vista a solicitude presentada por D. Juan Ramón Gallastegui Baamonde de data 5 de novembro de 2025 (nº rex 202590000002587) solicitando a renuncia á realización da licenza de obra nº 30/2025- 2025/U022/000006 e solicitando a devolución do importe ingresado en concepto de liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Vista a liquidación nº 20253J15083IO01L000006 por importe de 19.780,50 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras e a liquidación nº 20253J15083LU01L000007 por importe de 120 euros en concepto de cartel de obra emitidas a nome de Juan Ramón Gallastegui Baamonde, ambas ingresadas en data 4 de agosto de 2025.

Atendendo ao Informe do arquitecto técnico municipal de data 20 de novembro de 2025 no que indica, polo que afecta á devolución de ingresos que as obras están sen iniciar é que non se observa inconveniente para a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Visto o acordo Xunta de Goberno local de 1 de decembro de 2025 tomando coñecemento da renuncia presentada por D. Juan Ramón Gallastegui Baamonde á licenza urbanística para construción dunha vivenda unifamiliar, en A Torre nº 65, parroquia de Cacheiras.



CONCELLO DE TEO

Visto o informe do departamento de urbanismo de data 11 de decembro de 2025 determinando que non se encargou e subministrou do cartel da obra.

Visto o informe-proposta de Tesourería de data 11 de decembro de 2025 coa fiscalización favorable da Intervención da mesma data, no que propón a estimación da devolución do importe correspondente á imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 19.780,50 euros, a estimación da devolución do importe correspondente á tarifa de cartel de obra por importe de 120 euros, baseándose entre outros nos seguintes fundamentos xurídicos:

“ICIO

Primeiro.- O art. 100 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que o Imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola

realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se teña obtido o non dita licenza, sempre que a súa expedición lle corresponda o concello da imposición. Nos mesmos termos se regula no artigo 2 da OF reguladora do ICIO.

Por outra banda, o art. 102 do mesmo corpo legal, indica que a base imponible do imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e entendese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Segundo.- O art. 102.4 do TRLRFL e o artigo 8 da ordenanza fiscal:

“1.-A obriga de contribuír nace no intre de se escomeza-la construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que escomece sen ter obtido a licenza que proceda.

2.-Os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data do Decreto ou do acordo da Xunta de Goberno Local.”



CONCELLO DE TEO

Así mesmo debe terse en conta o disposto no artigo 10.6 da Ordenanza fiscal que determina que:

“10.6 No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable”

En canto ao feito imponible do ICIO a Sentenza do TS de 14 de setembro de 2005, ditada en recurso de casación en interese de lei, conclúe que no ICIO o feito imponible é a realización de determinadas obras, aquelas para cuxa execución se necesite licenza municipal, pero o feito imponible prodúcese independentemente de que a licenza fora ou non solicitada. Nin a solicitude de licenza implica iniciación na realización do feito imponible nin a concesión de aquela significa a culminación deste. O feito imponible comeza a realizarse ao iniciarse a execución da obra e termina coa súa completa execución, momento en que a Administración, tras comprobar cal foi o seu custo efectivo, pode virar a liquidación definitiva que proceda (art. 104. 2 LHL), aínda que o art. 103.4 LHL fixe o devengo non neste momento final senón no inicial da data do comezo da construción, instalación ou obra.

Dende a perspectiva da devindicación, continua dicindo a citada sentenza, o verdadeiramente importante, como puxo de relevo a doutrina, é a realización do elemento obxectivo. En efecto, para considerar realizado o feito imponible nun imposto que grava un resultado real, como é o ICIO , teremos que determinar cando cobra realidade ese elemento material, e este é o único momento que condiciona o nacemento da obriga tributaria. Non importa a extensión temporal do elemento material realizado, xa que en todas elas teremos que acudir á realidade para indagar en que momento se realizou ese substrato material do feito imponible e en función do mesmo consideralo realizado xuridicamente e, consecuentemente, tamén situar o devengo nese instante.(...).



CONCELLO DE TEO

(...) Atopámonos, en definitiva, cun Imposto cun réxime especial de pagamento e exixibilidade respecto a outros tributos, pois é un imposto que anticipa de forma obrigatoria unha liquidación provisional ao propio momento do pagamento do tributo, en casos como o presente en que se obtivo a licenza de obras, e iso porque o pagamento prodúcese no momento mesmo de iniciarse as obras.

No caso concreto realizouse unha liquidación provisional de ICIO por importe de 19.780,50 euros.

Terceiro.- Hai que determinar se o ingreso que se realiza en concepto de liquidación provisional, é un ingreso “indebido” ou un ingreso a conta “debido”, derivado da natureza propia deste tributo. Analizado o art. 221 da LXT que determina o procedemento para a devolución dos ingresos indebidos, obsérvase que o ingreso do caso exposto non encaixa dentro de ningún dos supostos que establece este artigo, por tanto non estamos ante un ingreso debido.

Atopámonos ante un ingreso “debido”, é unha devolución derivada da normativa propia de cada tributo de acordo co art. 31 da LXT que establece que “Son devolucíons derivadas da normativa propia de cada tributo as correspondentes a cantidades ingresadas ou soportadas debidamente como consecuencia da aplicación do tributo”. No caso exposto o art. 103.1 do TRLHL prevé este ingreso a costa “...practicarase unha liquidación provisional a conta...”.

O artigo 31 da LXT, preceptúa que a Administración tributaria devolverá as cantidades que procedan, de acordo co previsto na normativa de cada tributo, sinalando que son devolucíons derivadas de cada tributo as correspondentes a cantidades ingresadas ou soportadas debidamente como consecuencia da aplicación do tributo, establecendo que transcorrido o prazo fixado nas normas reguladoras de cada tributo e, en todo caso, o prazo de 6 meses, sen que houbera ordenado o pago da devolución por causa imputable á Administración tributaria, esta abonará o xuro de demora regulado no artigo 26 desta lei, sen necesidade de que o obrigado o solicite.

A estes efectos, o xuro de demora devindicarase dende a finalización de dito prazo ata a data en que se ordene o pago da devolución.

O artigo 34 seguinte, sinala igualmente que constitúen dereitos dos obrigados tributarios, entre outros, as devolucíons derivadas da normativa de cada tributo, establecendo o artigo 126 seguinte,



CONCELLO DE TEO

que o prazo para practicar a devolución, de acordo co disposto no artigo 31 comezará a contarse dende a presentación da solicitude, finalizando o procedemento de devolución, co acordo polo que se recoñeza a devolución solicitada, por caducidade nos termos do artigo 104.3 desa Lei, ou polo inicio dun procedemento de verificación de datos, de comprobación limitada ou de inspección.

No caso que nos ocupa, o interesado renunciou ao expediente e solicitou a devolución do ingreso con data 5 de novembro de co cal atendendo á data actual non corresponde á liquidación de intereses de demora.

O RD 520/2005 establece que o procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos poderá iniciarse de oficio ou a instancia do interesado, determinando os datos que deberá conter a solicitude do interesado. Con carácter previo á resolución, a Administración tributaria deberá notificar ao obrigado tributario a proposta de resolución para que nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao de notificación, presente as alegacións e os documentos e xustificantes que estime necesarios.

Poderase prescindir de dito trámite cando non se teña en conta outros feitos ou alegacións que as realizadas polo obrigado tributario ou cando a contía proposta a devolver sexa igual á solicitada, excluídos os intereses de demora.

Neste suposto non se teñen en conta outros feitos ou alegacións diferentes ás realizadas polo suxeito pasivo co cal poderíamos prescindir de dito trámite.

Finalizadas as actuacións, o órgano competente para a tramitación elevará ao órgano competente para resolver a proposta de resolución. Finalmente o órgano competente para resolver ditará unha resolución motivada na que, si procede, acordarase o dereito á devolución, determinarase o titular do dereito e o importe da devolución.

(...)

CARTEL DE OBRA

Consta o pago da tarifa por expedición e subministro de cartel de obra por importe de 120 euros. Respecto a este feito impositivo consta informe do servizo de urbanismo de 11 de decembro de 2025



CONCELLO DE TEO

determinando que o cartel de obra non foi encargado, así pode determinarse que non se produciu o feito imponible que determina o nacemento da obriga de pago de dita tarifa”.

Polo exposto e de conformidade co establecido nos artigos 31 e 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o artigo 18.4 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de Revisión en Vía Administrativa.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a devolución do importe de 19.780,50 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Aprobar a devolución do importe de 120 euros en concepto de tarifa de subministro de cartel de obra dado a non realización do feito imponible.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado así como dar conta á Tesourería para que proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade indicada na conta corrente titularidade do interesado aportada ao expediente.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 27 de xuño de 2023 (Res 783/23)), acorda:

Primeiro.- Aprobar a devolución do importe de 19.780,50 euros en concepto de Imposto sobre construcións, instalacións e obras.



CONCELLO DE TEO

Segundo.- Aprobar a devolución do importe de 120 euros en concepto de tarifa de subministro de cartel de obra dado a non realización do feito imponible.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado así como dar conta á Tesourería para que proceda á execución da devolución mediante o ingreso da cantidade indicada na conta corrente titularidade do interesado aportada ao expediente.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e once minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz